Comúns	Filosofía	1 Bachilletato Filosofía	Diego Sánchez e outros	978-84-143-1160-8	Anaya educación	2015	Galego	Recomendado	
	Lingua castelá e literatura	Lengua y Literatura 1º Bachillerato	Salvador Gutiérrez e outros	978-84-143-1102-8	Anaya educación	2022	Castelán	Recomendado	
	Lingua galega e literatura I	Lingua galega e litera. Bacharelato	Nieto Pazó e outros	978-84-678-2805-4	Anaya educación	2015	Galego	Recomendado	
	1ª Lingua estranxeira I, inglés, Student's book	Advantage 1º bacharelato	Elisabeth Grant e outros	978-99-632-7367-6	Burlington Books	2017	---	Obrigatorio, desde o curso 2018/19	
	Latín I	Latín I	M. Durán y otros	978-84-218-4394-9	Casals	2015	Castelán	Recomendado	
	Física e química	Física e química 1	Varios autores	978-84-143-1142-4	Anaya educación	2022	Castelán	Obrigatorio, desde o curso 2022/23	
	Grego I	Griego I	R. Colomer y R. Tomás	978-84-830-8916-3	Almadraba	2013	Castelán	Recomendado	
	Historia do mundo contemporáneo	Historia do M. Contemporaneo	Varios autores	978-84-9995-401-1	Baía Edicións	2022	Galego	Obrigatorio, desde o curso 2022/23	
	Materias sen libro ¹								
	- Bioloxía, xeoloxía e ciencias ambientais	- Debuxo técnico I	- Economía	- Matemáticas I	- Matemát. aplicadas ás C. sociais I	- 1ª Lingua estranxeira I, inglés, workbook			
	- 1ª Lingua estranxeira I, francés, livre de l'élève	1ª Lingua estranxeira, francés, cahier exercices		- Literatura universal	- Tecnoloxía e enxeñaría				
Optativas	2ª Lingua estranxeira I, francés, cahier exercices	Les blogueurs 5 B1	Varios autores	978-84-19072-14-6	Difusión centro IyPdi	2022	---	Obrigatorio, desde o curso 2022/23	
	2ª Lingua estranxeira I, inglés, Student's book	Advantage 1º bacharelato	Elisabeth Grant e outros.	978-99-632-7367-6	Burlington Books	2017	---	Obrigatorio, desde o curso 2018/19	
	Materias sen libro ¹								
		- Anatomía aplicada	- Coro e técnica vocal I		- Cultura científica		- Debuxo artístico I		
		- Disposición de centro (atención educativa)	- Educación física		- Relixión católica		- Relixión evanxélica		
		- Tecnoloxías da información e comunicación I	- 2ª Lingua estranxeira I, francés, livre de l'élève		- 2ª Lingua estranxeira I, portugués				
	(Nova/s materia/s)	(corrección de erros)					(Novo/s libro/s de texto)		

¹ O feito de non ter libro de texto pode supor que o profesorado estea interesado en ter outro tipo de materiais, como por exemplo diferentes tipos de cadernos, rotuladores especiais ... tamén é posible que o libro non estea editado ou que sexan apuntamentos e estean dispoñibles na conserxaría por un custo moi reducido.

Relación de libros de texto para 2º de bacharelato
10 u 11 materias

	Área/Materia	Título	Autor/a/es	ISBN	Editorial	Pub.	Gal./Cast	Condición de ...	
Troncais	Historia de España	Historia de España, 2º bachillerat	José Alfeirán Rguez. e outros	978-84-9995-200-0	Baía edicións	2016	Galego	Obrigatorio, desde o curso 2020/21	
	Lingua castelá e literatura.	Lengua y literatura 2º bach inica	---	978-01-905-0296-6	Oxford University Press	2016	Castelán	Recomendado	
	1ª Lingua estranxeira II - inglés. (student's book)	Advantage 2º Bachilletaro	Elisabeth Grant e Samuel Carter	978-99-253-0122-5	Burlington Books	2018	---	Obrigatorio, desde o curso 2019/20	
	Matemáticas II	Matemáticas II	Colera e Oliveira	978-84-698-1277-8	Anaya educación	2016	Castelán	Recomendado	
	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Matemáticas II	Colera e Oliveira	978-84-698-1280-8	Anaya educación	2016	Castelán	Recomendado	
	Física	Física 2º Bach	Ficente Fernández Fernández	978-84-9995-357-1	Baía edicións	2021	Galego	Recomendado	
	Historia da filosofía	Historia de la Filosofía, 2º BTO	Diego Sánchez Meca y otros	9788469813058	Anaya educación	2016	Castelán	Recomendado	
	Química	Química 2º Bach	Manuela Domínguez	978-84-999-5196-6	Baía edicións	2016	Galego	Obrigatorio, desde o curso 2016/17	
	Xeografía	Xeografía 2	Muñoz-Delgado e outros	978-84-698-1363-8	Anaya educación	2016	Galego	Obrigatorio, desde o curso 2020/21	
	Materias sen libro ²								
	- Bioloxía	- Debuxo técnico II		- Economía da empresa			- Grego II		
	- Historia da arte	- Latín II		- 1ª Lingua estranxeira I, inglés, workbook			- 1ª Lingua estranxeira II - francés, livre de l'élève		
Específicas+LCA³/LCC⁴	Psicoloxía	Psicología 2º bachillerato	José Ignacio Alonso García	978-84-486-0916-0	McGraw-Hill	2016	Castelán	Recomendado	
	2ª Lingua estranxeira II - inglés. (student's book)	Advantage 2º Bachilletaro	Elisabeth Grant e Samuel Carter	978-99-253-0122-5	Burlington Books	2018	---	Obrigatorio, desde o curso 2019/20	
	Materias sen libro ³								
		- Achegamento á lingua portuguesa	- Debuxo artístico II		- Deseño e impresión 3D, LCC			- Fundamentos de administración e xestión	
		- Historia da música e da danza	- Literatura galega do século XX e da actualidade, LCA		- Lingua galega e literatura II, LCA			- Métodos estatísticos e numéricos, LCA	
		- Relixión católica	- Relixión evanxélica		- Tecnoloxía industrial II			- Tecnoloxías da información e da comunicación II	
		2ª Lingua estranxeira I, francés, cahier exercices	- 2ª Lingua estranxeira I, francés, livre de l'élève		- 2ª Lingua estranxeira II - portugués				
(Nova/s materia/s)			(corrección de erros)				(Novo/s libro/s de texto)		

² O feito de non ter libro de texto pode supor que o profesorado estea interesado en ter outro tipo de materiais, como por exemplo diferentes tipos de cadernos, rotuladores especiais ... tamén é posible que o libro non estea editado ou que sexan apuntamentos e estean dispoñibles na conserxaría por un custo moi reducido.

³ LCA → Libre configuración autonómica.

⁴ LCC → Libre configuración de centro.



Plan anual de lectura, curso 2022/23

IES A Xunqueira II

Pontevedra



Índice

1.	Introdución	4
2.	Obxectivos	4
3.	Actuacións da biblioteca	4
4.	Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.....	5
1.	En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes e viveiro da cidadanía”.	5
2.	En relación coa alfabetización mediática e informacional da comunidade educativa	7
3.	En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado	8
4.	En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector	9
5.	En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva	10
6.	Outras actuacións	10
7.	 Criterios e procedementos de avaliación	10
5.	Actuacións do equipo de dinamización da lingua galega (en adiante EDLG)	10
6.	<i>Actuacións dos departamentos</i>	11
1.	Departamento de Bioloxía e xeoloxía (actualización do curso 2022/23)	11
2.	Departamento de Debuxo (actualización do curso 2022/23)	11
3.	Departamento de Economía (actualización do curso 2022/23)	12
4.	Departamento de Educación física (actualización do curso 2022/23)	12
5.	Departamento de Filosofía (actualización do curso 2022/23)	13
6.	Departamento de Física e química. (actualización do curso 2021/22)	13
7.	Departamento de Francés (actualización do curso 2022/23)	14
8.	Departamento de Grego e latín (actualización do curso 2022/23)	14
9.	Departamento de Inglés (actualización do curso 2022/23)	15
10.	Departamento de Lingua castelá e literatura. (actualización do curso 2021/22)	15
11.	Departamento de Lingua galega e literatura (actualización do curso 2022/23)	15
12.	Departamento de Matemáticas (actualización do curso 2022/23)	15
13.	Departamento de Música (actualización do curso 2022/23)	16
14.	Departamento de Relixión (actualización do curso 2022/23)	16
15.	Departamento de Tecnoloxía (actualización do curso 2022/23)	16



16. Departamento de Xeografía e historia (actualización do curso 2022/23)	17
7. Seguimento e avaliación	18
8. Elaboración e revisión deste documento	18



1. Introducción

O Plan Anual de Lectura (en adiante PAL) é un programa de accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector (en adiante PL), encamiñado a mellorar as competencias clave de lectura e de escritura do alumnado en tódalas áreas do currículo e fomentar o hábito e o gusto pola lectura.

2. Obxectivos

Os obxectivos principais do PAL estarán presentes nas actuacións relacionadas coa lectura de tódolos departamentos, así como no desenvolvemento das liñas prioritarias de actuación da biblioteca. Estes obxectivos son os seguintes:

1. Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa, atendendo aos intereses, necesidades, capacidades e circunstancias persoais e sociais.
2. Potenciar a comprensión lectora e a lectura fluída desde todas as áreas do currículo.
3. Contribuír á mellora da expresión oral e escrita.
4. Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías, de forma que o alumnado aprenda a utilizalas e a analizar a información que se obtén delas de forma crítica.
5. Potenciar a biblioteca como centro de recursos e elemento dinamizador da actividade lectora.

3. Actuacións da biblioteca

A biblioteca contribuirá ao desenvolvemento do PAL facilitando tódolos recursos dos que dispón. Ademais organizará e impulsará actividades relacionadas directamente coa lectura, recollidas nas liñas prioritarias de actuación do curso actual na biblioteca escolar, entre as que destacamos as que se realizan de forma sistemática, como son a Hora de ler e o Club de lectura.

- **Hora de ler:** Dirixida ao alumnado de 1º e 2º da ESO. Desenvólvese diariamente durante 15 minutos á volta do período de lecer curto. A escolla das lecturas realízase o equipo da biblioteca procurando incluír textos variados: narrativa, poesía, teatro, banda deseñada, divulgación científica. Evidentemente a selección está aberta a modificacións segundo a demanda do alumnado e as propostas do profesorado implicado na actividade. Os libros están dispoñibles nunha sección específica da biblioteca á que acode o alumnado para retirar

ou devolver as súas lecturas. Os empréstitos e devolucións serán rexistrados no programa Meiga, deste xeito poderase facer un seguimento non só do número de libros que le cada alumna/o, senón tamén dos seus intereses.

- **Club de lectura:** Aberto a todo o alumnado do centro. Ao comezo do curso organizaranse os grupos segundo as solicitudes de participación e na primeira sesión escollerase o primeiro libro a ler. Atenderanse as suxestións dos membros pero sempre supervisadas polo responsable do Club de lectura.

As reunións terán unha periodicidade quincenal e nelas poñerase en común a lectura realizada e marcarase o contido da seguinte reunión.

O Club de Lectura presentará, difundirá e comentará as obras lidas no seu blog O caderno do Lérez <http://cadernodolerez.blogspot.com.es/>

Como en cursos anteriores, farase un **roteiro** relacionado con algunha das obras lidas.

Ademais destas actividades, a biblioteca abordará outras actuacións nos ámbitos de organización, dinamización de recursos, formación de usuarios e fomento da lectura, que serán avaliadas ao final do curso, e que pasamos a detallar no seguinte punto.

4. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro

Ademais das actividades sinaladas no apartado anterior, a biblioteca abordará outras actuacións nos ámbitos de organización, dinamización de recursos, formación de usuarios e fomento da lectura, que serán avaliadas ao final do curso.

1. En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes e viveiro da cidadanía”.

O uso e espazo da biblioteca estará limitado, en parte ou totalmente, debido as medidas de distanciamento que teñen marcado as autoridades educativas. Polo tanto parécenos esencial propoñer as seguintes actuacións para poñer en valor todos os recursos dos que dispoñemos:

- Creación dun curso de “usuarios de biblioteca” na aula virtual do centro.
- Neste curso estará inscrito todo o alumnado e posibilitará unha información bidireccional sobre os eventos que se van realizar, así como a divulgación de todos os fondos que se adquieran.

- Creación dun foro de novas para posibilitar unha comunicación máis efectiva e rápida entre os usuarios e o equipo da biblioteca.
- Espazo lector dixital
- Creación no amplo vestíbulo do centro dunha zona onde o alumnado poida ter acceso a todas as novidades que vaia adquirindo a biblioteca. Esta información será visual con código QR para evitar o contacto físico cos libros e complementará á ofrecida no curso de “usuarios da biblioteca” da aula virtual.
- Implicación de alumnado e colaborador e , sobre todo, dos membros dos diversos clubs de lectura para a elaboración da información que levarán os códigos QR dos libros expostos no Espazo Lector Dixital.
- Solicitar a creación dun grupo de traballo para coñecer o funcionamento de dúas ferramentas importantes para o profesorado e o alumnado
- A rede social do profesorado Redeiras, para o tratamento da información nos blogs da biblioteca Bibliototem e o do club de lectura Caderno do Lérez, así como os do resto do profesorado.
- A plataforma en liña Agüeiro que nos vai permitir usar redes sociais seguras con toda a comunidade educativa; portafolio dixital para as creacións en diferentes formatos dos clubs de lectura, proxectos, conmemoracións, etc.; e un espazo persoal de almacenamento na nube.
- Realizar unha sesión informativa co resto do profesorado autores de blogs para informar deste grupo de traballo.
- Elaborar unha planificación xeral en setembro das actividades da biblioteca, distribuíndoas por trimestres. O estado de desenvolvemento no que se atopen (pendente, en curso, feito) será reflectido ao longo do curso nunha folla de control.
- Mellora da sinalización da biblioteca para facilitar ó acceso e a localización dos documentos.
- Facer expurgo periodicamente co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a actualidade dos fondos. Parte do material expurgado reutilizarase para crear produtos artísticos e literarios e co resto farase unha “Feira do libro de ocasión”.
- Levar a cabo controis de préstamos frecuentes para reducir a morosidade.
- Ampliar as subscricións a revistas de temática diversas (deportes, cultura, viaxes...)

- Formar novos axudantes de biblioteca.
- Procurar a estabilidade do Equipo de biblioteca para dar continuidade aos proxectos emprendidos.
- Cubrir a meirande parte do horario de biblioteca cos profesores que integren o Equipo de Biblioteca.
- Dispoñer en horario lectivo dunha hora semanal para a reunión do Equipo de Biblioteca. Estase a levar esta reunión fóra do horario lectivo.
- Levar as propostas da biblioteca á comisión de coordinación pedagóxica, buscando a implicación e a coordinación de todos os departamentos.

2. En relación coa alfabetización mediática e informacional da comunidade educativa

- Formación de usuarios (alumnado de nova incorporación) unha visita guiada á biblioteca, onde se lles entrega a guía da biblioteca e se lles informará de
 - i. Protocolo de actuación para a entrada na biblioteca (se hai dispoñibilidade). Establecer a distancia de seguridade⁰, uso de máscaras e xeles hidroalcohólicos, aforo limitado, etc.
 - ii. Protocolo para a retirada e entrega de libros en préstamo, seguindo as pautas que marcan para a corentena de materiais prestados.
 - iii. Práctica e dominio do servizo “O meu catálogo” da Rede de Bibliotecas de Galicia
 - iv. Os usuarios poderán buscar e reservar a través da rede sen necesidade de entrar no espazo físico da biblioteca.
 - v. Cómpre facer unha petición aos responsables do programa MEIGA. Cando o alumnado solicita unha reserva, desde o programa non salta unha alarma que informe das peticións; temos que acceder a esta información a través dun correo electrónico, é dicir, indirectamente, o que ralentiza o proceso. Se esa solicitude aparece directamente en Meiga, o proceso axilízase enormemente.
 - vi. Vivenciar o uso do foro de novas na aula virtual.
 - vii. Gravación e subida destas sesións ó blog da biblioteca Bibliototem e a clase Usuarios da Biblioteca na AV do centro.
 - viii. Uso da rede Redeiras.

- ix. Actividades (presentacións, concursos...) para buscar información utilizando diferentes fontes.
 - x. Actividades orientadas a formar no uso selectivo e crítico de Internet.
 - xi. Formación audiovisual para a elaboración de materiais diversos: vídeos, presentacións, etc.
- Formación de usuarios, para o resto de alumnado práctica e dominio de:
 - i. Servizo “O meu catálogo” da Rede de Bibliotecas de Galicia.
 - ii. Curso de “usuarios de biblioteca” na aula virtual.
 - iii. Uso do foro de novas.
 - iv. Dominio da rede Redeiras para a creación dunha comunidade educativa virtual segura.
 - v. Actividades (presentacións, concursos...) para buscar información utilizando diferentes fontes.
 - vi. Actividades orientadas a formar no uso selectivo e crítico de Internet.

3. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

Dende a biblioteca contribuírase a que os alumnos adquiren habilidades para investigar e informarse, de maneira que gañen cada vez máis autonomía na súa aprendizaxe e acaden un espírito crítico. Para isto son imprescindibles actuacións orientadas á educación no acceso á información e á utilización das novas tecnoloxías, á mellora da comprensión lectora e á expresión oral e escrita, ao fomento do traballo en equipo...

Con tal fin, está previsto abordar as seguintes liñas de actuación:

- Como vén sendo habitual, as actividades da biblioteca organizaranse en tres bloques diferentes, coincidindo cos tres trimestres. O primeiro dedicarase ás ciencias puras e experimentais e o marco de referencia será a Semana da Ciencia, onde haberá exposicións, concursos e unha feira de proxectos realizados polos alumnos nas materias de ciencias. O segundo centrarase nas ciencias sociais e o terceiro nas humanidades, con concursos literarios, recitais, visitas de escritores, etc.
- A biblioteca seguirá colaborando cos proxectos que se desenvolvan no centro

(Programa SEMGal, STEMBach, Club de Ciencia, Club de Oratoria, Programa TEI) proporcionando os recursos e o espazo para o desenvolvemento dos mesmos.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector

A biblioteca é a principal impulsora do desenvolvemento do Proxecto lector (en adiante PL). Realiza actividades de fomento da lectura, algunhas moi valoradas polo alumnado, como se recolle nas memorias de cursos pasados. Isto parécenos un bo indicador para fixar algunhas das liñas prioritarias de actuación neste apartado.

- **Creación do itinerario lector “Camiñando pola igualdade”** en colaboración cos departamentos de Lingua e Literatura Castelá e Galega, Xeografía e Historia, Debuxo, Filosofía, Grego e Latín, Francés, Orientación e Economía.
O obxectivo é ofrecer ao alumnado diversas fontes de lectura (poesía, novela, teatro, textos históricos, biografías, cómics, manga, revistas divulgativas) para reflexionar sobre a igualdade de xénero. Ademais contamos con tres cursos nos que se imparte esta mesma materia; Igualdade de Xénero.
- **Hora de ler:** 15 minutos diarios de lectura á volta do recreo. A biblioteca conta cunha sección específica para esta actividade, onde as lecturas están organizadas por temas para facilitar a escolla aos alumnos. Para o próximo curso incrementarase o número de obras seleccionadas.
- **Club de lectura:** Organizado en diferentes niveis e con temáticas distintas (ciencia, narrativa, poesía, novela gráfica e manga). As reunións terán lugar cada 15 días na biblioteca. Hai que destacar que a maioría dos membros do club participan tamén activamente en outras actividades de fomento da lectura propostas pola biblioteca (recital de poesía, roteiro literario, recomendacións, conmemoracións, etc.).
- **Recomendacións:** guías de lectura, boletíns, seleccións, novidades.
- **Concursos** literarios, recitais, de vídeo e fotografía, encontros con autores, etc.
- **Visita do Club de lectura ás librarías** da cidade coa finalidade de mercar libros para a biblioteca do centro, seleccionados polos alumnos.
- **Roteiro literario** -previsiblemente a Ferrol -relacionado con algunha obra lida no Club de Lectura.
- **Actividades** para festexar o Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día das Bibliotecas, Día da Lingua Materna e Rosalía.

5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

A biblioteca está situada no andar baixo e ten unha boa accesibilidade, xa que non conta con ningún tipo de barreira arquitectónica. O acceso aos documentos é doado así como ao espazo maker. Sen embargo, o volume de documentos adaptados a necesidades específicas é escaso, polo que unha liña fundamental de actuación debe ser ampliar esta oferta.

6. Outras actuacións

Colaboración con outras bibliotecas (visitas, empréstitos interbibliotecarios, intercambio de materiais).

7. Criterios e procedementos de avaliación

- Grao de utilización da biblioteca, tanto polo alumnado como polo profesorado.
- Número de empréstitos.
- Melloras no hábito lector do alumnado.
- Grao de aprendizaxe de habilidades para a busca e elaboración de información.
- Nivel de formación de usuarios.
- Tipo de actividades realizadas.
- Participación da comunidade escolar nas actividades organizadas pola biblioteca.

Para recoller e valorar esta información realizaranse enquisas e se consultarase datos no programa Meiga. Posteriormente farase unha avaliación final que se incluírá na memoria do curso.

5. Actuacións do equipo de dinamización da lingua galega (en adiante EDLG)

O EDLG contribuirá a través de actuacións orientadas a fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito:

- Dinamizar actividades relacionadas coa animación á lectura, obradoiros literarios, charlas, coloquios e encontros con autores.
- Colaborar coa biblioteca no que atinxe ao desenvolvemento de actividades relacionadas coa lectura: Hora de ler, Día das Letras galegas, Día de Rosalía, etc.
- Coordinar a participación do alumnado no Ben Veñas, Maio.

- Fomentar unha maior presenza do EDLG na web do centro
- Abrir un espazo do EDLG en redes sociais (twitter, facebook, instagram).
- Continuar coas actividades que teñen unha importante aceptación e seguimento por parte da comunidade educativa, como os murais Historia da muller, e Humor e Historia escríbense con H.
- Desenvolver actuacións que xurdan ao longo de curso ou que sexan propostas pola comunidade educativa.

6. Actuacións dos departamentos

1. Departamento de Bioloxía e xeoloxía (actualización do curso 2022/23)

En colaboración cos membros da biblioteca, temos recomendado a adquisición, por parte da biblioteca, para a lectura voluntaria do alumnado, os seguintes libros de divulgación científica:

- Alumnado de 1º e 2º da ESO.
 - “El pintor de las neuronas” Autor: Vicente Muñoz Puelles
 - “El viaje de la evolución” Autor: Vicente Muñoz Puelles
 - “Pasteur y sus vacunas” Autor: Florenci Salesas
 - “Me llamo Marie Curie” Autor: Lluís Cugota
- Alumnado de 3º e 4º da ESO e bacharelato.
 - “¿Por qué mi hijo se parece a su abuela? Y otras cuestiones genéticas. Autores: Inés García-Albi y Marcos Isamat
 - “Elogio de la imperfección” Autora: Rita Levi-Montalcini
 - “El pico del pinzón” Autor: Jonathan Weiner
 - “Mendel y la invasión de los OGM” Autor: Luca Novelli
 - “Un antropólogo en Marte: siete relatos paradójicos” Autor: Oliver Sacks
 - “El hombre que confundió a su mujer con un sombrero” Autor: Oliver Sacks
 - “La doble hélice” Autor: James D. Watson

2. Departamento de Debuxo (actualización do curso 2022/23)

Dado o éxito do curso pasado, volveremos a participar na iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia “mochilas viaxeiras” solicitando para aula de Debuxo artístico a modalidade de

banda deseñada coa finalidade de que o alumnado poda ler, usar na clase e levar para a casa o material que conteñen, sempre e cando a situación pola Covid-19 o faga posible.

A profesora Margarita Esteban Muñecas propoñerá ao coordinador da biblioteca a formación dun club de lectura de álbums ilustrados coa fin de dar a coñecer ao alumnado exemplares dos que se gozan non polo seu texto senón polas súas imaxes, igual que no caso anterior se a situación provocada pola pandemia o faga posible.

3. Departamento de Economía *(actualización do curso 2022/23)*

Na materia de economía, cunha grande conexión coa realidade, será imprescindible que os alumnos manexen información escrita recollida en libros, xornais, revistas e outras publicacións. De particular interese para a nosa materia é o tema Educación para o Consumo, sinalado no propio Proxecto do centro como una referencia a tratar. A biblioteca é un espazo que se debe visitar e utilizar ó longo do curso como unha fonte máis de información. Dende o departamento de economía se tratará de dotar á mesma cunha selección de libros de economía que sexan de interese para o alumnado, dentro das posibilidades orzamentarias que o centro lle permita ao departamento.

4. Departamento de Educación física *(actualización do curso 2022/23)*

A materia de EF se por algo se caracteriza é precisamente por ser un reduto para fuxir das actividades sedentarias e fundaméntase no movemento e a aprendizaxe a través da motricidade. Pero o anterior non é obstáculo para sexa un contribuínte máis o fomento da lectura, sempre dende o punto de vista de fomento polo interese en temas deportivos ou relacionados coa actividade física.

Como estratexia xeral para o fomento da lectura no centro se establece un horario reservado á lectura na aula de libros da biblioteca. Por suposto a materia de EF non é axena a estas dinámicas e na medida do posible participa nelas, aínda que conta con inconveniente de impartirse en locais alonxados das clases e de uso público (compartido co escolar), o que non permite esquecementos dos libros, nin o regreso ás aulas a buscalos cando non o levan.

Dende o departamento de EF tamén se fomenta a lectura de libros, documentos ou visualización de vídeos que completen a formación teórica dos distintos temas tratados na aula a través das sesións prácticas.

5. Departamento de Filosofía (actualización do curso 2022/23)

Este documento ven a concretar para o curso actual os obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector. É por iso que no PAL incluiremos actividades e actuacións xa comentadas no mesmo.

- Participación do alumnado de valores éticos de 1º e 2º ESO na Hora de Ler.
- Realizaranse na aula lecturas de textos filosóficos, científicos, de ficción, artigos de prensa... en diferentes soportes para ilustrar a temática que se estea a tratar. Ademais os alumnos comentarán textos en todos os niveis e moi especialmente en 2º de Bacharelato, posto que o traballo cos textos é fundamental para comprender o pensamento dos autores, así como para mellorar a expresión escrita.
- En bacharelato, se achegarán recomendacións de lecturas de carácter voluntario, sobre as que os alumnos aportarán un análise e unha valoración persoal.
- Dende o departamento se fomentará o servizo de préstamo dos fondos da biblioteca e, para facilitarlllo, se fará formación de usuarios para a consulta online do catálogo (OPAC) do noso centro. O resto de recursos da biblioteca non poderán ser utilizados neste curso debido a que o espazo da mesma tivo que ser reconvertido en aula de 1º de bacharelato.
- Participación do departamento no Club de lectura do centro, concretamente no grupo de narrativa de bacharelato, levando a coordinación do mesmo.
- Animarase á participación do alumnado de ESO e bacharelato en actividades relacionadas coa lectura e a escritura, como o Día do Libro, Día das Bibliotecas, Día da Lingua Materna, Día das Letras Galegas, e no programa de radio que estase a crear.

6. Departamento de Física e química. (actualización do curso 2021/22)

No presente curso escolar, desde este departamento, contribuírase coa proposta da lectura voluntaria de dous libros para o alumnado de 2º e 3º da ESO:

- Maldita Física de Carlo Frabetti
- Si venimos del mono, ¿por qué somos tan cerdos? De Big Van Ciencia
- La puerta de los tres cerrojos de Sonia Fernández-Vidal (1º de bacharelato)
- Desayuno con partículas de Sonia Fernández - Vidal (1º de bacharelato)

- Como explicar física cuántica con un gato zombi de Big Van (2º de bacharelato)
- El Boson de Higgs no te va a hacer la cama de Javier Santaolalla (2º de bacharelato)

7. Departamento de Francés (*actualización do curso 2022/23*)

O departamento facilitará o acceso aos libros de lectura a través dunha Biblioteca de aula.

Seguiremos co clube de lectura de banda deseñada en Francés, propoñendo este ano a temática de personaxes icónicos como Le petit Nicolas (cuxo dibuxante, Sempé, faleceu recentemente). Co gallo da semana da Francofonía faránse, entre outras actividades, lecturas dramatizadas en lingua francesa coa temática proposta polo Ministère de Culture français para o 2023.

Proporase aos diferentes niveis Libros de lectura adaptados ao seu nivel lingüístico e de madurez

8. Departamento de Grego e latín (*actualización do curso 2022/23*)

Os membros deste departamento colaborarán mediante as seguintes intervencións:

- Proxecto de teatro lido en clase, repartindo as personaxes. En ESO e, se é posible, e 1º de bacharelato.
- Na materia optativa de Cultura Clásica, Latín de 4º ESO e Latín I promoverase o hábito da lectura individual ou colectiva durante todo o curso:
- Cada novo tema cultural vai precedido por lecturas de textos clásicos ou actuais. O libro elixido ten textos moi variados: narracións, poemas, artigos, publicidade... Procuraremos axudar a desenvolver estratexias de comprensión lectora mediante a elaboración de resúmenes e críticas posteriores, ás veces en forma de debates orais.
- Haberá algunha lectura obrigada escollida polo seu interese e apoiada con guías,
- Algún clásico: fragmentos das Metamorfoses de Ovidio, algunha comedia de Plauto (Anfitrión ou Os xemelgos) ou de Aristófanes (Lisístrata, As asembleístas...).
- Algún libro con tema clásico : Naves Negras ante Troya o Las aventuras de Ulises, Los viajes de Eneas en Clásicos Adaptados da Editorial Vicens-Vives; La Eneida, versión adaptada; La guerra de Troya de R. Graves; Cuentos y leyendas de los Juegos de Olimpia de B. Évano, de la colección Tus libros de Anaya; Los mitos de los héroes de L. DE Crescenzo, en Seix Barral.
- Comics de adaptacións da Guerra de Troia: La Ilíada de Roy Thomas e Miguel Ángel

Sepúlveda en Clásicos Ilustrados Marvel; ou La Odisea, de Pérez Navarro e Martín Saurí en Norma Editorial.

- Comics de tema romano: Las águilas de Roma –varios libros- de MARINI en Norma Editorial.
- Sempre que for posible, dedícaranse clases ao descubrimento e uso da biblioteca do centro e todos os recursos de que poidamos dispor.

9. Departamento de Inglés (*actualización do curso 2022/23*)

Contribuirase con actuacións na aula

10. Departamento de Lingua castelá e literatura. (*actualización do curso 2021/22*)

(Este extracto da programación do citado departamento está en castelán segundo a normativa vixente)

Además de las lecturas obligatorias que establecen los miembros de este departamento para cada evaluación, los alumnos tienen la posibilidad de realizar otras voluntarias por las que obtienen una calificación positiva, que se tendrá en cuenta en la nota de la evaluación.

11. Departamento de Lingua galega e literatura (*actualización do curso 2022/23*)

Os membros deste departamento contribuirán firmemente ao desenvolvemento e consolidación do hábito lector do alumnado, tanto dentro como fóra da aula. Así pois, dentro da aula, participaremos, por exemplo, na hora de ler establecida para o primeiro ciclo da ESO. O alumnado de 1º e 2º da ESO terán momentos de lectura libre e persoal ao longo da semana. Fóra da aula, participaremos no club de lectura. Unha das docentes do departamento será a encargada de coordinar o club de lectura de 2º da ESO

12. Departamento de Matemáticas (*actualización do curso 2022/23*)

Na ESO, proporanse os seguintes libros de lectura para ler de forma voluntaria, ao longo do curso (e, no caso do primeiro ciclo da ESO, na hora de ler): “El curioso incidente del perro a medianoche” de Mark Haddon; “Contar bien para vivir mejor” de Claudi Alsina; “Malditas matemáticas. Alicia en el país de los números” de Carlo Frabetti; “Ernesto aprendiz de matemago” de Jesús Muñoz Santoja; “El asesinato del profesor de matemáticas” de Jordi Sierra i Fabra y “Planilandia” de Edwin A. Abbott.

Ademais, faremos uso da biblioteca para realizar actividades de investigación que requiran

de ordenadores, libros, xornais, revistas...

13. Departamento de Música *(actualización do curso 2022/23)*

Os membros deste departamento, tendo en conta o plan lector do centro, e para potenciar o fomento da lectura entre o seu alumnado, propondrá as seguintes actividades nas súas clases:

- Lectura en voz alta por parte do alumnado e explicación por parte do profesorado daqueles aspectos teóricos de cada tema, ben sexan históricos, instrumentais ..., coa posterior elaboración de resumos, esquemas ... para unha mellor comprensión e facilidade da aprendizaxe significativa.
- Comentarios de audicións e/ou vídeos musicais, reflexionando sobre o visto e/ou escoitado, sobre a estrutura musical e estética, e interpretándoo de xeito oral ou escrito, para chegar a unha comprensión global.
- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados coa música.
- Realización de traballos de investigación sobre compositores, estilos ou épocas, grupos musicais, así como bandas sonoras de cine e diferentes pezas, ben do patrimonio galego, coma do resto do mundo. Uso de bibliografía específica.
- Elaboración dun glosario de termos específico de cada unha das materias impartidas polo departamento.

14. Departamento de Relixión *(actualización do curso 2022/23)*

Como accións máis destacadas teremos en conta:

- Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo do alumnado dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.
- Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven ao alumnado a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades do alumnado.

15. Departamento de Tecnoloxía *(actualización do curso 2022/23)*

Contribuirase colaborando nas intervencións que se vaian realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas dos talleres, como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. Intentarase levar a cabo algunha das seguintes medidas:

- Proposta de incorporación e actualización de bibliografía de interese no ámbito científico-tecnolóxico na biblioteca do centro.
- Compromiso por parte do departamento de levar ao alumnado de cada grupo a ensinarlle os fondos aos que o departamento conta neste espazo e facer especial fincapé na importancia deste espazo na súa formación.
- Incorporación e actualización da nosa bibliografía.

Ademais tentarase levar a cabo na aula propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como as seguintes:

- Dedicación á lectura nas partes teóricas da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado facendo posteriormente unha posta en común para comprobar o grao de comprensión dos textos por parte do alumnado.
- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa, relacionados cos distintos eidos que abrangue a Tecnoloxía.

16. Departamento de Xeografía e historia (actualización do curso 2022/23)

Desde este departamento colaboramos mediante as seguintes liñas de acción:

- En 1º e 2º da ESO, fomentando no alumnado lecturas (prensa, blogs, literatura...) relacionadas cos contidos que se desenvolven en cada materia co obxectivo de estimular o hábito de lectura e de mellorar a expresión oral e escrita.
- En 3º e 4º da ESO, traballando na aula artigos de prensa escrita e dixital relacionados cos contidos para aprender a analizar criticamente a información ofrecida polos medios de comunicación actuais. O traballo con textos de diversa natureza contribuirá a aprender a analizar, comentar e realizar críticas mediante pequenas investigacións escritas ou debates na aula.
- En bacharelato, elaborando comentarios de textos, imaxes, datos estatísticos e gráficos relacionados cos contidos que se desenvolven en cada materia, co obxectivo

de adquirir e mellorar a comprensión, a análise e a realización de resumos, esquemas e comentarios.

7. Seguimento e avaliación

Para o seguimento e a avaliación utilizarase a información procedente das seguintes fontes:

- Rexistro de datos realizado polo profesorado.
- Enquisas ao profesorado para avaliar o plan.
- Enquisas ao alumnado para recoller información sobre a súa participación, opinións e suxestións.
- Valoracións obtidas das sesións de avaliación.

As persoas pertencentes á CCP elaborarán anualmente un informe global a partir dos datos obtidos ao longo do curso, co fin de extraer conclusións e facer previsións de cara ao futuro.

8. Elaboración e revisión deste documento

Para a elaboración deste documento pártese desta proposta facilitada pola dirección do centro coa seguinte temporalización:

Temporalización	Tarefa
Febreiro de 2019	Presentación da proposta deste documento á CCP
Marzo de 2019	Propostas de mellora presentadas polos departamentos. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)
Abril de 2019	Presentación ao claustro e Consello escolar
Maio de 2019	Propostas de mellora presentadas pola comunidade educativa. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)
Xuño de 2019	Aprobación polo claustro e Consello escolar
Anualmente no 1º trimestre	Revisión e actualización do documento polo equipo directivo, logo da consulta e achegas dos membros da CCP a través dos foros de coordinación da aula virtual
Outubro de 2023, (cada 4 anos)	Reelaboración do proxecto



**Plan de fomento de hábitos de estilo de vida
saudable, curso 2022/23**

IES A Xunqueira II

Pontevedra



Índice

1. Introducción	3
2. Análise de situación de partida.....	4
1. Fortalezas.....	4
2. Debilidades	4
3. Amezas.....	5
4. Oportunidades	5
3. Obxectivos	6
4. Medidas concretas que se van desenvolver	7
• Actividade física nos períodos de lecer.....	7
• Promoción do uso da bicicleta.....	7
• Cross de Nadal	7
• Introducción de actividades de sendereismo na contorna do centro	7
• Introducción de xogos no medio natural	8
• Milla saudable.....	8
• Deporte Escolar.....	8
5. Alumnado ao que vai destinada esta actuación	9
6. Horario no que se desenvolverá a actuación	9
7. Orzamento	9
8. Indicadores	9
9. Compromisos adquiridos	10
10. Profesorado encargado da docencia destes grupos	10

1. Introducción

Na actualidade múltiples estudos alertan sobre do aumento do sedentarismo e a falta de actividade física na sociedade. O exercicio físico- necesario noutros tempos para sobrevivir, hoxe, para unha inmensa sociedade, só é unha actividade recreativa para persoas con certa conciencia sobre da súa necesidade.

Moitas persoas realizan algunha actividade física por que llo ordena o médico, para mellorar a súa imaxe e acercarse os canons que presentan os medios ou para mellorar o seu rendemento deportivo ata extremos a veces indeseables, buscando destacar en ambientes de competitividade, pero poucos por o fan por conciencia da súa bondade, en grao moderado. É o noso labor amosar esta necesidade e xustificar a súa importancia.

Nunha sociedade descarnadamente capitalista o exercicio físico é, como todo, un negocio e como tal as persoas deben pagar para facer exercicio. Os nosos alumnos para xogar en equipo e participar en competicións deben pagar o que fai que en vez de fomentar o deporte, se poñan máis trabas.

Por iso pensamos que un Centro educativo público debe ser o encargado de fomentar o exercicio físico gratuíto e en tempo suficiente a todo o alumnado de forma igualitaria. É innegable que dúas sesións de 50 minutos reducidas por razóns obvias a 40, non son suficientes para o noso alumnado. Por todo o anterior, e ante razóns que se nos escapan que evitan que se amplíe o horario dedicado a actividade física escolar, debemos utilizar tódolos resortes ó noso alcance para ofrecer o noso alumnado a posibilidade de aumentar o tempo de actividade.

É innegable que os hábitos alimenticios da poboación moza son pouco saudables. A sociedade en xeral lle presenta a través do bombardeo de imaxes a través de tódolos medios ó seu alcance, das formas de alimentarse máis rendibles para as grandes multinacionais, como iconas de modernidade e de xuventude. O resto do traballo faino a publicidade que sen rubor presenta a comida rápida como natural e saudable, sen que ningunha administración faga nada para evitalo.

Esta comida que conseguiron asociar a xuventude é comida procesada, asociada moitas veces a produtos perxudiciais para a saúde como demostran estudos científicos, pero moi rendible por ser moi barata xa que procede animais dopados en macrogranxas e de plantacións de vexetais tratados con produtos químicos canceríxenos ou alterados xenericamente.

Facer entender a necesidade de alimentarse de forma equilibrada e con produtos naturais é un labor da escola, a pesar da presión descomunal das grandes multinacionais nos medios e da colaboración necesaria das administracións públicas.


Trataremos de organizar tantas actividades como se nos presente posibilidade de amosar técnicas ou formas de preparar comida de forma sinxela e natural Tamén dende o curso 2015/16 estamos a traballar a iniciativa de "Froita na escola", desde o 2017/18 coa iniciativa "Fai clic ao teu bocata" e desde o curso 2018/19 estamos a traballar a compostaxe, en colaboración co programa Revitalízate! do Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra, e instaláronse papeleiras de reciclaxe para xerar hábitos que respecten o medioambiente e loiten polo cambio climático.

O curso pasado 21-22 comezamos co reparto de leite e, contra todo prognóstico, tivo un grande éxito polo que este ano seguiremos nesa mesma liña.

2. Análise de situación de partida

1. Fortalezas

- i. Claustro de profesorado con destino definitivo na súa maioría (70%)
- ii. Instalacións idóneas
- iii. Compromiso do profesorado
- iv. Apertura á participación das familias (ENAPAS)
- v. Implicación das persoas titoras e da orientadora
- vi. Diversidade entre o alumnado
- vii. Implicación do alumnado no traballo por proxectos.
- viii. Cóntase cun Plan de acción titorial (PAT)
- ix. Realización de múltiples charlas e obradoiros
- x. Profesorado moi formado
- xi. Alumnado receptivo ao traballo nas diferentes temáticas dos programas



2. Debilidades

- i. A rateo do alumnado é moi elevada (28/29 de media en tódalas unidades)
- ii. O baixo nivel de motivación polo estudio de certo alumnado

- iii. A falta de tempo para dedicarse de forma profunda ás temáticas do proxecto
- iv. Escaso traballo colaborador entre departamentos
- v. Falta de habilidades sociais entre o alumnado
- vi. Uso inadecuado de internet por parte do alumnado
- vii. Necesidade de potenciar a educación emocional
- viii. O elevado número de alumnado con dificultades de aprendizaxe

3. Amezas

- i. Inestabilidade no sistema educativo (cambios nas leis)
- ii. Marco legal pendente de implementación
- iii. Nivel socioeconómico do alumnado medio-baixo
- iv. A alta dependencia do uso do móbil por parte do alumnado
- v. Familias que traballan moito e non se involucran o suficiente nos hábitos dos seus fillos

4. Oportunidades

- i. A sesión de titoría na ESO e agora atención educativa no bacharelato
- ii. Colaboración da Concellería de educación de Pontevedra
- iii. Colaboración con outros servizos e institucións
- iv. Uso de técnicas de aprendizaxe innovadoras
- v. Traxectoria en formación en centros
- vi. A traxectoria na implementación deste programa
- vii. Centro moi activo con moitas actividades complementarias e extraescolares
- viii. Boa relación cos centros da contorna
- ix. Posibilidade de contar con profesionais especialistas nas diferentes temáticas

3. Obxectivos

1. Incrementar o tempo de actividade física do alumnado
2. Valorar a actividade física como xeradora de benestar e boa saúde e o medio como lugar ideal para a actividade física
3. Presentar ao noso alumnado unha serie de prácticas deportivas para que as coñezan e as adopten como prácticas habituais na súa vida para iso contaremos con adestradores profesionais e visitas a instalacións de golf, deportes acuáticos, de esquí...
4. Coñecer e convivir co alumnado doutros centros de toda condición en convivencias e encontros deportivos. A través da participación no programa XOGADE (Deporte Escolar).
5. Incrementar a actividade físicas que realiza o noso alumnado dentro do horario lectivo. Introducendo unha materia en 2º de ESO denominada Reforzo á Educación Física.
6. Introducir hábitos de vida saudable entre o noso alumnado e aumentar a oferta de actividades para encher os tempos de lecer. Para isto se organizarán dende o noso departamento unha serie de competicións a desenvolver de forma voluntaria nos períodos de lecer.
7. Loitar contra o sedentarismo e os tempos de lecer pegados ao teléfono móbil, organizando actividades o máis motivantes posible para facer que se movan nos períodos de lecer.
8. Aumentar o número de actividades físicas que o alumno/-a coñece e que lle permitirán ir elixindo aquelas que máis lle gustan para convertelas nun hábito ó longo da súa vida. Sendeirismo, golf, atletismo, bicicleta, Semana Branca, para aprender a esquiar...
9. Valorar o seu nivel físico en relación á norma da súa idade. Medidas do programa DAFIS.
10. Valorar o medio natural como un lugar idóneo para a actividade física e para o esparcemento. Acampada.
11. Ofrecer a posibilidade de facilitar contacto dalgún club ou asociación deportiva para que cada alumno ou aluna poida practicar unha actividade acorde cos seus gustos.
12. Potenciar o consumo de froita fresca entre o alumnado
13. Potenciar o consumo habitual de leite
14. Mellorar os hábitos de alimentación saudables
15. Reducir problemas de saúde relacionados coa alimentación
16. Mellorar hábitos alimentarios
17. Aumentar a proporción de froitas na dieta infantil
18. Concienciar dos beneficios saudables das froitas

19. Consolidar o uso do composteiro

20. Consolidar a instalación de papeleiras de reciclaxe e a coñecer a súa trazabilidade

4. Medidas concretas que se van desenvolver

- Actividade física nos períodos de lecer

- Durante os dous períodos de lecer estes últimos anos víñanse organizando torneos de distintos deportes onde participaba libremente unha parte importante do alumnado. Este ano o protocolo antiCOVID non permite a realización destas actividades con “normalidade”. Estamos programando variacións dos deportes tradicionais para ver a posibilidade de poder practicalos mantendo a distancia de seguridade e ademais non tocando coas mans o implemento compartido.



- Promoción do uso da bicicleta

- Esta actividade está prevista para a primavera, contando daquela con bo tempo que permita facela ao aire libre. Os últimos anos a actividade “Día da bicicleta” realizabámola en colaboración coa asociación “Pedaladas” dentro da súa campaña de difusión do uso da bicicleta como medio de transporte da mocidade. Esta actividade está pendente de encaixala á nova normalidade.

- Cross de Nadal

- Competición onde participa a maioría do alumnado e onde compiten contra o outro centro de secundaria que ese atopa nas proximidade. Este ano, e polo momento, non parece factible a súa convocatoria, pero confiamos en que a situación sanitaria remita e coas pertinentes adaptacións se poida levar a cabo.

- Introdución de actividades de sendeirismo na contorna do centro

- Dado que temos autorizada un reforzo da materia de educación física como materia de libre configuración de centro, a través dela e, tamén das sesións da propia materia de EF, temos programadas saídas periódicas para facer sendeirismo. Esta iniciativa pretende potenciar as clases ao aire libre e suplir a imposibilidade de impartir moitos dos contidos tradicionais desta materia.

- Introdución de xogos no medio natural
 - Dentro das actividades programadas para facer no entorno natural que rodea ao centro, ademais do sendeirismo, temos previsto a práctica de xogos propios do medio natural, moitos deles no esquecemento, pero agora debido a necesidade de dar preferencia as actividades ao aire libre queremos recuperarla.
- Milla saudable
 - Durante os períodos de lecer, cada día un curso sairá á contorna para dar un paseo de unha hora acompañados dun profesor, mentres van merendando. Desta maneira desconxestionamos o patio con menos alumnos e evitamos que teñan que comer durante o comezo da clase seguinte.
- Deporte Escolar
 - Parece lóxico pensar que o Deporte Escolar este curso non vai ter lugar tal e como o tiñamos deseñado, pero deixamos aberta a posibilidade de que para o segundo ou terceiro trimestres as circunstancias cambien e o alumnado poida gozar do deporte neste tipo de competicións. É posible que dado que este curso, que non se poida facer, o suplan por outra actividade enfocada á organización de actividades físicas entre o alumnado, nese caso sería a nosa intención participar, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento deste programa.
- Servizo de comida saudable
 - Distribución de froita nos períodos de lecer
 - Distribución de pícnicos saudables naquelas actividades complementarias e extraescolares que o demanden
 - Consumo de froitos de outono (Magosto)
 - Comidas saudables para os membros da comunidade educativa que teñan actividade no Centro pola tarde. As comidas da cafetería serán menús saudables e equilibrados.

5. Alumnado ao que vai destinada esta actuación

- Número aproximado de alumnado implicado: 674, dos que 326 son mulleres e 348 homes
- Cursos que participarán nesta actuación: Desde 1º de ESO até 2º de bacharelato



6. Horario no que se desenvolverá a actuación

- Número de sesións semanais: 31, durante os períodos de lecer e sesións de educación física.



7. Orzamento

- Materiais diversos de papelería (folios, cartolinas, pegamento, goma eva, rotuladores, acetatos...)
- Tóneres para impresoras
- Xogos tradicionais
- Dorsais para todo o alumnado para a realización do Cross
- Gastos de funcionamento (exclúese o equipamento informático): 2.250€



8. Indicadores

- Número de accións encamiñadas a favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro: 5
- Número de accións encamiñadas a implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permitan compatibilizar a práctica de actividade física co desenvolvemento das sesións lectivas: 5
- Porcentaxe de incremento do cómputo total de actividade física efectiva do alumnado ao longo do día, dentro do horario lectivo: 10



- Porcentaxe de mellora de hábitos saudables: 10%

9. Compromisos adquiridos

- Participación activa nesta liña de actuación tanto por parte do profesorado como do alumnado
- Incorporación gradual de máis profesorado nesta liña de actuación
- Consolidación das iniciativas propostas



10. Profesorado encargado da docencia destes grupos

- Indique o número de docentes que participarán activamente nesta actuación
 - 7
- Indique os equipos ou departamentos participantes
 - Departamento de Educación física
 - Equipo directivo





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES A Xunqueira II

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90 886.15.90.98
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com



galicia

**PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO
IES A XUNQUEIRA II
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES**

Adxuntamos a **cuantificación económica aproximada** que cómpre para poder levar a cabo as actividades previstas para o curso 2022-23:

TEMPORIZACIÓN	ACTIVIDADE	RESPONSÁBEL(BEIS)	DESTINATARIOS	DOTACIÓN ECONÓMICA	MATERIAL NECESARIO
INICIO CURSO	4.1.- COMPARATIVA ACTUAL CO ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO'20' 21 DO IES A XUNQUEIRA II	COORDINADORA	COMUNIDADE EDUCATIVA	0 €	ORDENADOR INTERNET
1º TRIM	4.2. SAMAÍN LAPIDARIO ----- 4.2.1 MAGOSTO	COORDINADORA TITORÍAS 1ºESO ----- PAIS, NAIS, EQUIPO DOCENTE	1ºESO ALUMNADO ----- TODO O ALUMNADO	0 € ----- 200E	CARTÓNS, PINTURAS, FOTOCOPIAS ----- CASTAÑAS, AGASALLOS, PREMIOS.
1º TRIM	4.3. CONCURSO POSTAIS NADAL	COORDINADORA PROFESORADO	Todo o alumnado	200 €	AGASALLOS
CURSO ACAD.	4.4. ACTIVIDADES CONCELLO PONTEVEDRA	COORDINADORA PROFESORADO CONCELLO	Todo o alumnado	0 €	?
CURSO ACAD.	4.5.- LOGO E TABOLEIRO DO EQUIPO 4.5.1. CONCURSO LOGO	COORDINADORA	Todo o alumnado	200 €	CARTOLINAS CORES PEGAMENTO CUÑO PREMIOS
CURSO ACAD.	4.6.- REDES SOCIAIS PROPIAS	EQUIPO	COMUNIDADE EDUCATIVA	0 €	ORDENADOR INTERNET MÓBILES
2/3ºTRIM	4.7. DICCIONARIO DE ARTISTAS	COORD. DEP. LGL DEP.MÚSICA	Todo o alumnado	300 €	MATERIAL ESCRITA EXEMPLARES ORDENADOR

					INTERNET AGASALLOS
FEBREIRO	4.8. 14 de FEBREIRO. DESVENDANDO MITOS	COORD. TITORÍAS 2ºESO	Alumnado 2ºESO	60 €	MATERIAL NECESARIO
	4.9.1. CARAUTAS NO ENTROIDO	COORD. TITORÍAS	Todo o alumnado	300 €	MATERIAL DECORACIÓN VALES X ALMORZO
	4.9.2. QUEN É QUEN?	COORD. VICEDIRECCIÓN	COMUNIDADE EDUCATIVA	0 €	FOTOGRAFÍAS TABOLEIRO EXPOSITIVO
	4.9.3. SEMANA DO MECO	COORD. VICEDIRECCIÓN	COMUNIDADE EDUCATIVA	50 €	MATERIAL DECORACIÓN
FEBREIRO/MARZO	4.10. II DE PUÑO E PINCEL- DÍA ROSALÍA	COORD. DEP. DEBUXO	Todo o alumnado	200 €	MATERIAL PINTURA PREMIOS
MARZO	4.11. SEMANA DA MULLER	COORD. DEP.LGL	4ºESO alumnado	100 €	MATERIAL DECORACIÓN
ABRIL	4.12. CAFÉ CON VERSOS	COORD. DEP.LINGUAS CAFETERÍA	COMUNIDADE EDUCATIVA	20 €	TARXETAS IMPRESORA
	A CIDADE VIOLETA	----- ANXO FARIÑA	1ºESO	300E	PAGO DA ACTIVIDADE
MAIO	4.13. LETRAS GALEGAS 2023..	COORD. DEP.LINGUAS DEP.HISTORIA	Todo o alumnado	300 €	EXEMPLARES CHAPAS AGASALLOS
3ºTRIM	4.14. CÁPSULA DO TEMPO	COORD. DEP.LGL	1ºESO ALUMNADO	200 €	CAIXAS MATERIAL ESCRITA
CURSO ACAD.	4.15 .- CULTUREANDO	COORD. DEP.LGL, HISTORIA	ALUMNADO	500 €	CONFERENCIANTE S
CURSO ACAD.	4.16 .- CLUB DE LECTURA	COORD. CLUB LECTURA	CLUB DE LECTURA	150 €	AGASALLOS
3ºTRIM.	4.17 .- REFUNDICIÓN LITERARIA	COORD. BIBLIO	ALUMNADO	250 €	CÁMARA LIBROS AGASALLOS SERIGRAFÍADOS
CURSO ACAD.	4.18 .- ROTEIROS LITERARIOS	COORD. DEPARTAMENTOS	Bach alumnado	400 €	TRANSPORTE
3ºTRIM	4.19 .- RECOMPILANDO	COORD. DEP.LGL	Todo o alumnado	200 €	ELABORACIÓN LIBROS
3º TRIMESTE	4.20.- GRAFITEANDO NO PATIO	DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA PROFESIONAIS CONTRATADOS ALUMNOS	ALUMNOS DE PLÁSTICA	400€	Profesionais do grafitti. Pinturas
TOTAL				4330E	

COORDINADORA DO EDLG

Co Visto e prace do Director

Sabela Laxe Díaz

Juan Carlos Pérez Mestre

Pontevedra, 30 de SETEMBRO de 2022



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES A Xunqueira II

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra

☎986.872.484 📠986.871.943

www.iesaxunqueira2.com

ies.xunqueira.2@edu.xunta.es

PLAN DE CONVIVENCIA

IES A XUNQUEIRA II

PONTEVEDRA

ÍNDICE

I.	Preámbulo.....	3
II.	Situación da convivencia no centro.....	3
III.	Obxectivos do plan de convivencia.....	7
IV.	As normas de convivencia en relación co NOF.....	8
V.	Proposta de estratexias e actuacións.....	10
VI.	Composición, plan de reunións e plan de actuación do Observatorio da Convivencia.....	12
VII.	A Aula de Convivencia.....	14
VIII.	Seguimento, difusión e avaliación do plan.....	15
IX.	Medidas formativas.....	16
X.	Anexos.....	18
	Anexo I. Plan de acollida.....	18
	Anexo II. Funcionamento da aula de convivencia.....	20
	Anexo III. Protocolo de actuación en caso de acoso escolar.	27
	Anexo IV. Normas de convivencia do NOF.....	30

I. Preámbulo

BORRADOR DE PLAN DE CONVIVENCIA DO IES A XUNQUEIRA II

I. PREÁMBULO

Elabórase este Plan de Convivencia de acordo co Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

Este Plan de Convivencia debe propiciar cambios positivos na organización do centro, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral do noso centro.

A elaboración deste Plan é un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que o centro debe asumir tendo un coñecemento o máis fondo posible da súa realidade de partida sobre a que ir artellando as súas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do noso proxecto educativo de centro. Neste senso cobra unha vital importancia o labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa conseguinte revitalización de plan de acción tutorial (PAT).

O obxectivo final é a mellora da convivencia no noso centro e na nosa comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo.

II. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

No momento de iniciar a elaboración do Plan de Convivencia partimos de dúas premisas:

- A avaliación inicial do estado de partida da convivencia no centro e das actuacións que se veñen levando a cabo.
- A previa avaliación de necesidades, para atopar os puntos febles e fortes da convivencia no centro e organizar o traballo de elaboración do Plan.

Como proxecto encamiñado á acción, este Plan necesita da implicación de toda a comunidade educativa, nun traballo cooperativo, estruturado e organizado desde o Observatorio da Convivencia Escolar do Centro. Fundamentalmente, precisa da reflexión individual e colectiva de todo o profesorado.

No observatorio da convivencia realizamos unha avaliación inicial partindo da análise das actuacións desenvoltas ata o momento desde o equipo directivo, o consello escolar, o departamento de orientación, titores e profesorado en xeral.

Para a avaliación das necesidades, partimos da información recollida dos cuestionarios de convivencia realizados polos diferentes sectores da comunidade educativa no curso 2008-09. Estes cuestionarios permítenos realizar un diagnóstico o máis próximo posible á realidade, contando coa visión do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos.

Da análise dos datos recollidos dos cuestionarios, establecemos como aspectos a mellorar os seguintes:

Desde o alumnado:

- Favorecer a normalidade na relación alumnado/profesorado, reducindo condutas disruptivas, do tipo: insultos, mentir, falar a berros, despreocupación...
- Mellorar a empatía profesorado/alumnado.
- Aumentar a participación das familias (pai/nai) na vida do centro.
- Intervención activa do alumnado na resolución de conflitos.

Desde as familias:

- Manter as boas relacións que pais/nais teñen co profesorado.
- Conservar as relacións de contacto e comunicación das familias cos/as titores/as.
- Mellorar o control do centro nos tempos de lecer e nas gardas durante as clases.
- Mellorar a empatía profesorado/alumnado e reducir as condutas disruptivas do alumnado.
- Traballar para eliminar a desmotivación no alumnado cara á aprendizaxe.
- Asumir as responsabilidades das familias na educación dos/as seus/súas fillos/as.

Desde o persoal de administración e servizos:

- Manter a visión e impresión positiva da vida do centro.

Desde o profesorado:

- Aplicar o plan de convivencia e implicar ao alumnado no seu desenvolvemento.
- Informar sobre a reiteración dos desaxustes no comportamento do alumnado.
- Unificar medidas e procedementos de intervención, establecendo protocolos de actuación segundo o tipo de alteración da convivencia.
- Mellorar a relación e a colaboración entre o profesorado.
- Desenvolver estratexias para incrementar a implicación e participación activa do claustro na mellora da convivencia no centro.
- Manter unhas relacións adecuadas coas familias; baseadas na información, orientación e consenso coas familias e a súa implicación no proceso de desenvolvemento persoal e académico dos/as seus/súas fillos/as.

-Desenvolver métodos que impliquen ao alumnado da aula na resolución dos problemas de convivencia.

Conclusións sobre o informe de casos.

Unha vez valorada a información sobre os casos plantexados no centro podemos concluir que:

- Os problemas de convivencia na aula céntranse na primeira etapa da ESO. Apenas hai casos en Bacharelato.
- Os problemas de convivencia no Centro derívanse principalmente do incumprimento das normas de entrada e saída de clase e doutros factores como a falla de recoñecemento da autoridade do profesorado; da falla de interese nun ensino que é obrigatorio: hai alumnos que no realizan habitualmente os deberes, non levan o material a clase, no toman apuntes, no participan activamente no traballo da aula, abúrrense e rematan molestado e interrompindo o normal desenvolvemento da clase.
- Os problemas de violencia física xurden de xeito esporádico e imprevisible, pero localízanse tamén na primeira etapa do ESO e xeralmente entre as mesmas persoas.
- Os problemas de violencia psíquica ou verbal preséntanse xeralmente entre o propio alumnado do centro, sen que se teñan detectado casos graves de acoso escolar.
- Como causas de falla de aceptación, de marxinación ou exclusión pódense sinalar as de non compartir os valores e as condutas máis xeneralizadas entre os compañeiros.

III. Obxectivos do plan de convivencia

1. Acadar un clima de convivencia dentro do instituto baseado no respecto mutuo, a solidariedade, o diálogo e unha cultura de paz.
2. Crear un clima de convivencia que permita aos alumnos acadar o seu dereito á educación e aos profesores o dereito a educar.
3. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento das normas de convivencia polas que se rixe noso instituto.
4. Asumir o conflito como algo inherente á vida en común dun grupo de persoas e cuxo tratamento forma parte da labor educativa.

5. Priorizar as accións preventivas diante das consecuencias negativas dos conflitos que puidesen darse no centro.
6. Fomentar o diálogo como método para a resolución dos conflitos.
7. Facilitar a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
8. Previr, detectar e eliminar as manifestacións de calquera tipo de violencia.
9. Previr, detectar e eliminar calquera manifestación de acoso.
10. Convertir as accións punitivas en accións correctoras cun propósito formativo encamiñadas á socialización do alumno.
11. Facer doada a atención individualizada dos alumnos cuxo comportamento rompa a convivencia escolar.
12. Diminuír ao mínimo as conductas que perturban o clima de convivencia pacífica no noso centro.

Obxectivos específicos

1. Crear nos alumnos a necesidade dunhas normas comúns a todos os compoñentes da comunidade educativa e tamén normas específicas para a boa convivencia entre alumnos.
2. Informar dos obxectivos do Plan de Convivencia, Regulamento de Réxime Interior e procedemento de corrección das conductas contrarias ás normas de convivencia aos alumnos, pais, profesores e persoal non docente.
3. Manter unha comunicación fluida coos alumnos mediante os titores como principal mediador, pero tamén dando importancia á figura do delegado de grupo como interlocutor ou tamén mediador nos conflitos.
4. Minimizar os conflitos nos intercambios de clase, recreos e saídas do centro, poñendo medidas que os eviten no posible.
5. Traballar axeitadamente para diminuír o absentismo escolar estudando os factores particulares que levan aos alumnos a faltar a clase, especialmente no Bacharelato.
6. Dotar ao profesorado das ferramentas e apoio necesarios nos conflitos que xurdan, así como asesoralos nas posibles actuacións que poden realizar para intervir na súa solución.
7. Promover medios directos de comunicación entre o alumnado e o equipo directivo onde se poidan plantexar suxerencias, queixas...
8. Sensibilizar aos compoñentes da comunidade educativa das situacións de maltrato e acoso entre iguais (bullying) promovendo accións de prevención de posibles situacións conflictivas.

9. Acadar uns espacios físicos (aulas, obradoiros, pasillos, biblioteca, etc.) cun ambiente adecuado, limpo, para que facilite as actitudes e conductas positivas, xa que os ambientes deteriorados fomentan o mal uso das instalacións e as conductas agresivas.
10. Manter unha relación directa con outras institucións para a formación dos alumnos e promover actividades que fomenten os hábitos saudables, eviten o consumo de alcohol, tabaco e outro tipo de drogas.
11. Traballar para que os alumnos adquiran habilidades sociais e un desenvolvemento emocional axeitado para poder reaccionar con normalidade nas situacións cotiás.
12. Desenvolver nos alumnos actitudes de compañeirismo, tolerancia, respecto doutras culturas e sensibilización dos problemas das persoas con algún tipo de discapacidade.
13. Fomentar actitudes que favorezan a igualdade entre ambos sexos e a prevención do maltrato á muller.
14. Avaliar periódicamente a situación da convivencia no centro e promover accións inmediatas que melloren dita convivencia.

IV. As normas de convivencia en relación co NOF

No documento que recolle as Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF) recóllese, no seu Título II, o que se refire ás normas de convivencia entre os membros da comunidade educativa e aos procedimentos das comisións correspondentes.

(Anexo IV)

É preciso sinalar que o NOF é unha norma de carácter superior e máis estable, mentres que no Plan de Convivencia, asumindo a orientación xeral do documento, preténdese ter unha referencia nos asuntos ordinarios da convivencia, sobre todo cunha orientación preventiva.

Respecto do ámbito de aplicación, ambos documentos deben ser plenamente compatibles, prevalecendo o NOF en caso de incoherencia.

A primeira idea da que deberían partir as demais normas de convivencia sería “Trata aos demais como che gustaría ser tratado”

¿Gustaríach que te interrumpisen a clase por chegar tarde? ¿Que entraran a empurróns? ¿Que te insultaran? ¿Que che faltara o material que deixache na túa mesa ou que ésta estea sucia? ¿Que no che deixaran escoitar ao profesor cando éste está a explicar?

Da resposta ás moitas preguntas que se poden plantexar xurden as normas que ao principio de cada curso escolar poderían ser renovadas por cada grupo de alumnos e aplicadas á aula (en cartolinas, debuxos, pósters, etc.)

As normas de convivencia deben ser coñecidas, asumidas e cumpridas por todos. Débese manter clara a convicción sobre a necesidade da existencia dunhas normas de comportamento que fagan agradable a estancia no instituto.

As normas xerais poderían reducirse a cinco, das cales se derivan normas específicas:

- ❖ Manifestar interese e esforzo por aprender.
- ❖ Tratar con respecto ás persoas, actuando como corresponde nun centro educativo.
- ❖ Contribuir a que haxa un bó ambiente de traballo na aula.
- ❖ Comportarse sempre de xeito sereo e pacífico.
- ❖ Tratar adecuadamente o mobiliario e as instalacións.

V. Proposta de estratexias de actuación, medidas e accións a desenvolver na convivencia escolar

Presentamos un amplo repertorio de posibles estratexias e/ou actuacións que podemos implementar para mellorar o clima escolar. Pretendemos, xa que logo, recoller ideas útiles para traballar aspectos da convivencia que non eran desenvolvidos no centro ou que dan un novo enfoque ás situacións que o centro xa tiña valoradas como interesantes para o logro dos nosos obxectivos en materia de convivencia.

A primeira actuación para previr posibles **conflictos entre o alumnado** ante un novo curso ten lugar a finais do anterior nas reunións que manteñen o equipo directivo e o departamento de orientación cos titores nas que se fai unha análise exhaustiva dos alumnos que ocasionan problemas ao longo do curso e se valora quiénes non deberían coincidir no mesmo grupo, na procura dunha mellor convivencia dentro do mesmo.

É importante contar cun **plan de acollida** no que teñan cabida todos os membros da comunidade educativa que chegan ao instituto: alumnos de 6º de primaria que se incorporan ao principio de curso; alumnos inmigrantes; alumnos trasladados; profesores novos; profesores sustitutos; persoal de administración e servicios. (**Anexo I**)

Neste sentido, e en relación co alumnado é posible:

- Proponer que alumnos “veteranos” no centro actúen como guías nos primeiros días de curso para os alumnos de nova incorporación ao centro.
- Realizar actividades para facilitar o coñecemento do centro por parte dos novos alumnos (1º ESO e 1º Bacharelato)
- Crear estruturas de axuda entre iguais que favorecerá a incorporación, tránsito e evolución dos alumnos no centro dentro dun marco positivo de convivencia.
- Crear a figura de árbitro/negociador en cada clase.
- Realizar xornadas de convivencia por grupos ou cursos.
- Crear concursos mensuais cunha temática cada mes (tipo doce meses, doce causas) relativa aos distintos aspectos da convivencia.
- Abordar nas sesións de titoría temas que teñan que ver coa convivencia: programa de habilidades sociais e educación en valores (Departamento de Orientación).
- Reunir por niveis aos delegados de cada curso para favorecer a implicación dos alumnos na convivencia e a conservación do centro e consensuar normas de curso.
- Os alumnos de Bacharelato poderán colaborar, de xeito voluntario, no mantemento da orden durante os recreos.

En relación coas familias convén establecer medidas eficaces nos sistemas de comunicación coas familias e nas reunións que se fagan, tanto no que se refire ao procedemento, ao contido, e ao acordo conxunto das pautas a cumprir e planificar accións formativas concretas dende o centro hacia colectivos específicos de familias.

En relación co profesorado, ademais de fomentar hábitos e valores positivos como son o respecto hacia os demais, o respecto ás instalacións e ao material, a axuda a

quen a precise, e de detectar posibles problemas de integración, adaptación, de conducta, etc. que poidan observar, se intentarán promover:

- Actividades do departamento de Orientación recollidas no PAT: habilidades sociais.
- Reunións de titores por nivel.
- Actuacións en grupos específicos (sobre todo en 2º ESO)
- Actividades en teoría para que os alumnos debatan e coñezan as normas de convivencia que deben seguir no día a día do centro. Destes debates pódense sacar ideas para mellorar o plan.
-

En relación co persoal de administración e servizos,

- Informar ao equipo directivo de calquera situación que observen de condutas disruptivas, agresións, acoso, intimidación, etc. para a súa inmediata intervención.
- Colaborar nas horas de recreo e de intercambio de clase na realización de gardas, por ser os momentos propicios para que se produzan condutas inadecuadas ás normas de convivencia.
- Comunicar os desperfectos que se detecten nas instalacións do centro.

En cuanto ás condicións mínimas de seguridade no centro, é importante garantir a observación e supervisión educativa dos tempos e espazos non lectivos; elaborar protocolos de actuación para afrontar situacións graves para a convivencia e dar garantía de apoio, seguridade e protección ás vítimas e de recondución dos comportamentos antisociais dos agresores cunha intervención inmediata e nítida nas situacións de acoso escolar transmitindo a tolerancia cero ante ese tipo de comportamentos. (**Anexo III**)

Poráse en marcha un **buzón de suxerencias e comunicación de conflitos.**

VI. Composición, plan de reunións e plan de actuación do Observatorio da Convivencia

O Observatorio da convivencia escolar foi constituído no Consello Escolar do 10 de decembro de 2008 e está formado polas seguintes persoas:

- a) A directora do centro.
- b) O Xefe de estudos.

- c) Catro representantes do profesorado.
- d) A orientadora do centro.
- e) Un alumno.
- f) Un representante dos pais.
- g) A profesora que exerce a función de desenvolver os programas de coeducación.
- h) O representante do Persoal de Administración e Servicios.

Segundo o decreto 85/2007, do 12 de abril, (D.O.G.A. Nº 88, do martes 8 de maio de 2007) polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar, no seu artigo 7º sobre a organización e funcionamento do Observatorio da Convivencia Escolar nos centros educativos as funcións específicas do mesmo son:

- a) A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- b) A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e a conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel de centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- c) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia.
- d) Proponer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- e) Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Administración Educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

Verbo das reunións, no devandito decreto establécese que *“mantenránse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, a lo menos, unha terceira parte dos seus membros.”*

O plan de reunións do Observatorio da Convivencia en pleno será o seguinte:

Primeiro Trimestre (Outubro)	Seguimento do Plan de Convivencia. Propostas de mellora. Seguimento das correccións impostas. Informe ao Consello Escolar sobre a convivencia e, no seu caso, sobre as actuacións feitas e as correccións e medidas disciplinarias
-------------------------------------	--

	impostas.
Segundo Trimestre (Xaneiro/Febreiro)	Seguimento do Plan de Convivencia Seguimento das correccións impostas. Informe ao Consello Escolar sobre a convivencia e, no seu caso, sobre as actuacións feitas e as correccións e medidas disciplinarias impostas.
Terceiro Trimestre (Maio/Xuño)	Seguimento do Plan de Convivencia. Seguimento das correccións impostas. Informe ao Consello Escolar sobre a convivencia e, no seu caso, sobre as actuacións feitas e as correccións e medidas disciplinarias impostas. Recollida das propostas de mellora por parte do profesorado (Claustro), alumnado (Xunta de Delegados), ANPA e PAS Avaliación da Memoria do Plan de Convivencia para a súa aprobación polo Consello Escolar do Centro.

Ademais das anteriores reunións, se as circunstancias o esixen, terán lugar postas en común dos membros do Observatorio da Convivencia durante o horario lectivo ou no recreo para tratar algún dos aspectos relacionados coa convivencia máis inmediatos.

Dende a xefatura de estudos presentaranse os resultados relativos á convivencia: número de apercibimentos e causas dos mesmos (por cursos e niveis...); incidencia dos partes por cursos; sancións impostas, etc. Estes datos, unha vez analizados, servirán como base para revisar e mellorar as medidas para favorecer unha boa convivencia y mellorar a resposta que se da aos conflitos que se plantexan.

VII. A Aula de Convivencia

A realidade da situación da educación na actualidade e a propia normativa vixente obrigan a deseñar novas estratexias para abordar as conductas disruptivas de baixa intensidade na aula, aquelas que impiden o normal desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe pero, que por sí soas, non constitúen unha falta dabondo grave como para proceder a impoñer sancións importantes.

Dentro destas medidas, parece conveniente a creación dunha **aula de convivencia** que teña un carácter educativo e que, por unha banda, permita excluír da aula ordinaria ao alumno que impide o normal desenvolvemento da clase e, por outra, permita a reflexión e traballo do mesmo, nun espacio diferente. (**Anexo II**)

Á aula de convivencia deben ser enviados aqueles alumnos que impiden un bó funcionamento, nun momento puntual e concreto, do grupo-clase, sen que a súa conducta constituía unha falta grave, caso no que se debe proceder a través do proceso sancionador.

A medida de enviar a un alumno debe ter un certo carácter excepcional e esixe, polo tanto, a previa actuación do profesor. Só cando o profesor se considera incapaz de reconducir a conducta do alumno debe adoptar a decisión de remitilo á aula de convivencia.

As conductas que son motivo de enviar á aula de convivencia deben ser consensuadas por todos. Debemos atopar un punto de encontro de tal xeito que todos os profesores actúen da mesma forma. Por este motivo, deben estar explícitas nun documento, evitando, de este modo, interpretacións diferentes.

O procedemento que se ten que seguir é un que estea automatizado e perfectamente definido para impedir unha interrupción longa do grupo-clase que poidese alterar o orde da mesma. Non podemos crear problemas novos para solucionar un xa existente.

Na aula de convivencia o profesor responsable da mesma, unha vez lida a ficha e cumprimentados os campos correspondentes, reflexiona co alumno, cumprimentando éste a parte que lle corresponda. Posteriormente, levará a cabo as actividades que se lle teñan encomendado.

Débese deseñar unha ficha, en papel autocopiativo, con tres exemplares: un deles o levará o neno ao seu domicilio e os outros dous entregaranse na xefatura de estudos, un quedará para o rexistro de xefatura e o outro colocarse no **casillero** da titoría correspondente. A copia da familia a deberá entregar o alumno, unha vez asinada, na aula de convivencia onde se levará un rexistro das mesmas.

A adscripción á aula débese realizar por profesorado de garda.

A aula debe estar nun lugar ben visible e transitado, o que obriga a que sexa na planta baixa do edificio principal. Habería que habilitar un espacio axeitado para elo, que polo momento e dadas as características do centro será a **aula de Fogar**.

VIII. Seguimento, avaliación e difusión do Plan

O Plan de convivencia formará parte do Proxecto Educativo do Centro. Unha vez informado favorablemente pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, e aprobado polo Claustro e o Consello Escolar, difundirase entre todos os membros da comunidade educativa a través das copias pertinentes aos departamentos didácticos e membros do Consello Escolar, a través dos titores nos seus respectivos cursos e a través da páxina web do centro.

Para comprobar se se teñen acadado os obxectivos fixados con anterioridade, a través das actuacións xa especificadas, establécense os indicadores de a avaliación seguintes:

- Gravidade dos incidentes producidos no centro.
- Grao de implicación dos distintos sectores da comunidade educativa na prevención, detección e resolución dos conflitos xerados no instituto.
- Grao de resolución dos conflitos xerados.
- Grao de desenrolo e efectividade das actividades recollidas no Plan de Acción Titorial destinadas a prevenir conflitos no centro.

A avaliación farase de xeito continuo, empregando a observación e o intercambio de opinións entre o equipo directivo e os distintos membros da comunidade educativa, a través da lectura das memorias dos departamentos e das intervencións do Observatorio da Convivencia e do Consello Escolar.

A información recollida reflectirase na memoria final de curso e servirá de referencia para incluír as modificacións oportunas no Plan de Convivencia seguinte. Na memoria recolleranse os seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos
- Posta en práctica das actividades programadas
- Recursos empregados
- Formación relacionada coa convivencia
- Asesoramento e apoio técnico recibido (orientación, cursos...)
- Resumo das correccións impostas, relativas a condutas conflictivas; tipoloxía destas, casos de acoso,...
- Análise dos problemas detectados

→ Valoración de resultados e propostas de mellora

IX. Medidas formativas

Estarían dirixidas tanto aos órganos máis directamente implicados na convivencia –membros do Observatorio da Convivencia, titores– como ao conxunto do profesorado do centro. Centrariáanse en actividades relacionadas coa mediación ou resolución de conflitos, organizadas polo CEFORE ou outros organismos.

Colaboración con outras institucións e organismos

Potenciarase, na medida do posible, e en colaboración co resto dos Institutos da localidade, a colaboración con outros organismos: Concello (Concellalía da Xuventude, de Asuntos Sociais; Policía Local; Organismos non Gubernamentais (Cruz Vermella); Servicios Sanitarios, etc.

X. ANEXOS

ANEXO I. Plan de acollida

A través deste plan inténtase que todo membro da comunidade educativa se sinta ben acollido e apreciado.

1. Plan de atención aos alumnos procedentes de 6º de Primaria

Trata de facer doada a transición dos alumnos dos colexios adscritos no paso de primaria a secundaria. Consta de varias fases:

- Acollida no centro no mes de Maio ou Xuño: xornada de portas abertas.
- Recepción dos alumnos e as súas familias o primeiro día de clase: xornada de presentación.
- Reunión coas familias no mes de Outubro á que asistirán membros da dirección, do departamento de orientación e os titores.

2. Plan de atención aos alumnos de nova incorporación :

Orientado a aqueles alumnos que se incorporan ao longo do curso lectivo, cando os grupos de alumnos xa están conformados. Pretende acadar a súa inserción positiva no grupo.

Plásmase nas seguintes actuacións:

- Acollida por parte dun membro do equipo directivo e do departamento de orientación cunha entrevista persoal.
- Acollida por parte do titor, que procurará ofrecer ao novo alumno as pautas necesarias para coñecer o instituto e ao seu propio grupo de compañeiros dunha forma rápida e efectiva.
- Nomeamento dun alumno que se encargará de acompañar e asesorar ao novo compañeiro nos primeiros días da súa incorporación.

3. Plan de atención a alumnos inmigrantes:

Variante do anterior, diríxese a aqueles alumnos que proceden doutros países e poden ter problemas de adaptación á nosa sociedade.

Ás actuacións iguais á acollida de alumnado novo hai que engadir a solución aos posibles problemas de coñecemento da lingua, etc.

4. Plan de acollida ao profesorado de nova incorporación:

Refírese tanto ao profesorado con destino provisional no centro como ao profesorado novo con destino definitivo ou ao profesorado sustituto. As actuacións son as seguintes:

- Dar a benvida por parte do equipo directivo.
- Toma de datos en secretaría para cubrir a ficha do expediente, que se arquivará xunto coa copia da toma de posesión na carpeta do expediente. Incorporarase á base de datos do cadro de persoal e darase de alta no XadeWeb.
- Entrega do CD do profesor no que está arquivada a información xeral do centro (documentos, plan, información legislativa,...)
- Presentación dos novos compañeiros e do Xefe de departamento correspondente, que lle exporá o funcionamento do mesmo.
- Recorrido polas instalacións do centro.

5. Plan de acollida do novo persoal non docente: administrativos, subalternos e persoal de limpeza.

- Dar a benvida por parte do equipo directivo.
- En secretaría toma de datos para cubrir a ficha d expediente, que se arquivará.
- Presentación dos compañeiros.
- Entrega da copia das instrucións básicas do servicio correspondente.
- Recorrido polas instalacións do centro

ANEXO II. Funcionamento da aula de convivencia

A Aula de Convivencia debe colaborar e axudar aos profesores na consecución dun bó clima de traballo nas aulas, polo tanto atenderá aos alumnos que por problemas conductuales no poden permanecer na aula e son expulsados dela.

Preténdese que o procedemento sexa sinxelo e eficaz, aforre esforzo e tempo a profesores e titores e reduza os trámites burocráticos a un mínimo. Será como segue:

1º - O profesor que envía ao alumno á Aula de Convivencia cumprimentará o **Parte de Incidencias**, onde se detalla o sucedido.

2º - O profesor de garda na Aula entregará unha **Ficha de Auto-observación**, que o alumno deberá cumprimentar, axudarlle a reflexionar sobre o sucedido e de seguida o alumno cumprimentará o documento que denominamos **Compromiso I**.

3º - O profesor chamará ao titor do alumno, quen comunicará a situación aos pais.

4º - Se o alumno se negase a colaborar enviaraselle á Xefatura de Estudos.

5º - Se o alumno acude por segunda vez á aula de convivencia, repetirase o proceso pero asinará o **Compomiso II**. Neste caso ademais Xefatura de Estudos terá imposto algunha sanción específica que se fará constar no parte. Tamén neste caso se informará inmediatamente aos pais.

6º- Entregaráselle ao alumno unha copia do parte de incidencias para que o devolva asinado polo seus pais á maior brevidade posible. Outra copia porase no **casillero** do titor do alumno.

Toda a documentación xerada neste proceso gardarase na **Carpeta Diaria**, para que os responsables da aula de convivencia poidan arquivala debidamente. A Aula de Convivencia é tamén un lugar de reflexión para aqueles alumnos que temporalmente teñen que ser separados do seu grupo debido ao seu comportamento disruptivo, agresivo, conflictivo ou de calquera outra índole e para os que as expulsións ás súas casas non aportaría ningún tipo de beneficio en canto a un cambio de conducta e que mesmo podería ser percibido por eles como unhas “vacacións”. Polo tanto a Aula recibirá aos alumnos sancionados con varios días de expulsión. Durante a súa estancia na aula os alumnos traballarán nas materias do currículo que lles corresponda segundo o seu horario, atendidos polos profesores de garda de Convivencia.

As condicións que se derivan son as seguintes:

1º - Un alumno non pode chegar á Aula de Convivencia se non trae especificadas as tarefas a realizar de todas as asignaturas.

2º - Será misión da Xefatura de Estudos recoller estas tarefas entre todo o equipo educativo e misión dos profesores da Aula de Convivencia que as leven a cabo.

3º - O profesor de garda recibirá a relación das tarefas especificadas, evitando así que o alumno poida alegar esquecemento na súa casa, perda, etc.

4º - No caso de que a natureza da falta cometida polo alumno así o aconselle ou á suxestión do seu titor, Xefe de Estudos, departamento de orientación ou profesores de garda na Aula, ademáis das tarefas do currículo, o alumno podería traballar outros materiais específicos relacionados co seu problema conductual (por exemplo no caso dos alumnos sancionados reiteradamente con expulsión).

Para que estes procedementos poidan levarse a cabo na Aula de Convivencia contarase cos seguintes documentos.

- Ficheiro de alumnos ordenado alfabeticamente
- Carpetas de materiais para traballar valores e carpetas de material didáctico dos diferentes departamentos.
- Listas de grupos cos seus titores e os seus equipos educativos,
- Datos dos alumnos: dirección, teléfono, nome dos pais.
- Horarios dos grupos.
- Fotocopias das fichas e documentos a cumprimentar.
- Rexistro de control de asistencia do alumnado.

Dende a Aula de Convivencia realizarase un proceso de **seguimento** aos alumnos que, esgotados os dous Compromisos posibles, amose unhas especiais características de mal comportamento. Para elo os profesores falarán periódicamente co titor, os pais e co propio alumno para recoller información sobre a súa evolución. Se esta información fose negativa, é dicir, se non se observa unha melloría, o titor citará aos pais para asinar con eles un **Compromiso Familiar**, polo que os pais se comprometen por escrito a que os seus fillos asistan puntualmente a clase, traian o material adecuado de cada asignatura e a colaborar co centro para que o seu fillo cambie a súa actitude negativa. Este compromiso terá unhas revisións periódicas, onde se constatará o seu cumprimento.

Modelos de fichas: Parte de incidencias

Recolle a versión dos implicados nun conflito (profesor-alumno) e a posible medida correctora proposta polo profesor. De non haber acordo, o caso pasará á comisión de convivencia, que tomará as medidas oportunas.

PARTE de INCIDENCIAS

PROFESOR/A.....

(a cubrir polo profesor)

ALUMNO/AS IMPLICADO/AS

- 1.....Grupo.....
 - 2.....Grupo.....
 - 3.....Grupo.....
-
-

Outras testemuñas:

.....

.....

.....

Lugar.....

Data Hora.....

Relato dos feitos:.....

.....

.....

.....

Tipificación da falta:

- Leve Grave Moi grave

Proposta inicial do profesor:

- Amonestación
- Sen recreo.....días
- Traballos de reparacióndías
- Expulsión de clase.....días
- Tarefas escolares.....días
- Expulsión do centro.....días
- Outra.....
- Considero resolta a incidencia sen necesidade de outra intervención
 - Sí Non

Asinado: O/A profesor/a

Modelos de fichas: Aula de convivencia

AULA DE CONVIVENCIA

Ficha de envío á aula de convivencia

Datos do/a alumno/a

Nome: _____ Apelidos: _____

Curso e grupo: _____

Comunicación coa familia

Datos do/a profesor/a que o envía

Nome: _____ Apelidos: _____

Materia: _____

Data: _____ Hora: _____

Motivos polos que se envía (Describir o sucedido da forma máis clara e precisa posible)

O/A Profesor/a

Asinado

Proposta de reflexión

Tema relacionado coa falta pola que se envía ao alumno/a

Tarefas para realizar

Ficha de reflexión do alumnado que chega por primeira vez á aula de convivencia

Datos do/a alumno/a

Nome:

Apelidos:

Curso e grupo:

Resposta con atención, por favor, ás seguintes cuestións:

1. Relata que che pasou na aula para que o profesor che mandase vir á Aula de Convivencia:

2. Cal foi a túa reacción?

3. Que conseguiche coa túa actitude? ¿En que mellorou a túa situación?

4. Como te sintes agora?

5. Que podes facer para resolver o problema?

6. A partir de agora, cal crees que é a forma máis intelixente de actuar?

COMPROMISO

Para mellorar a miña actuación persoal comprométome a

Data:

Sinatura do/a alumno/a

Ficha de reflexión do alumnado que chega por segunda vez á aula de convivencia

Datos do/a alumno/a

Nome:

Apelidos:

Curso e grupo:

Responde con atención, por favor, ás seguintes cuestións, despois de ler a ficha 1:1. Escribe teus compromisos2. De todo o que tiñas planificado, que saíu mal? Por que?3. Que podes facer para que as cousas saian mellor?**NoVO COMPROMISO**

Para mellorar a miña actuación persoal, comprométome a

Data:

Sinatura do/a alumno/a

AULA DE CONVIVENCIA

<i>Ficha de información da aula de convivencia</i>
--

Datos do/a alumno/a

Nome:	Apelidos:
-------	-----------

Curso e grupo:

Datos do/a profesor/a que o/a envía
--

Nome:	Apelidos:
-------	-----------

Materia:

Data:	Hora:
-------	-------

Datos do/a profesor/a responsable da aula de convivencia nese momento
--

Nome:	Apelidos:
-------	-----------

Materia:

Data:	Hora:
-------	-------

INFORME

(Facer un breve resumo de como se desenvolveu a entrevista co/a alumno/a e se o resultado foi positivo ou negativo)

O/A Profesor/a

Asinado

Seguimento da tarefa encomendada e da melloría do/a alumno/a

Anexo III. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e/ou agresión entre iguais.

*Considérase acoso escolar calquera forma de ofensa ou malos tratos continuados no tempo dun alumno por outro ou outros alumnos, sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou **vacío** social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas feitas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.*

A resposta ao acoso escolar debe apoiarse sobre tres eixos:

- a) A **protección da vítima**, co cese inmediato do acoso.
- b) A **resposta educativo-sancionadora ao agresor**, modulada segundo as circunstancias psico-sociofamiliares do mesmo e a entidade dos feitos cometidos.
- c) A **reparación dos danos e prexuízos**.

Paso 1. Identificación, comunicación e denuncia da situación.

Cualquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento dun/ha profesor/a, do tutor/a, da persoa responsable da orientación no centro ou do Equipo Directivo, segundo o caso e membro da comunidade educativa que teña coñecemento da situación. En calquera caso, o receptor da información sempre informará ao director/a ou, na súa ausencia, ao resto do Equipo Directivo.

Paso 2. Medidas de urxencia.

En caso de estimarse necesario, terán que adoptarse as medidas de urxencia que se requiran para protexer á persoa agredida e/ou evitar as agresións:

- Medidas que garantan a inmediata seguridade do alumno ou alumna acosada, así como medidas de apoio e axuda.
- Medidas cautelares dirixidas ao alumno ou alumna acosador.

Paso 3. Recollida de información de distintas fontes.

Unha vez adoptadas as oportunas medidas de urxencia, o Equipo Directivo recollerá a información necesaria relativa ao feito das diversas fontes que se relacionan a continuación:

1. Recollida da documentación existente sobre o alumnado afectado.
2. Observación sistemática dos indicadores sinalados: en espazos comúns do centro, en clase, en actividades complementarias e extraescolares.
3. Asimesmo, a Dirección do centro solicitará ao Departamento de Orientación ou Equipo de Orientación Educativa que, coa colaboración do tutor, complete a información. Isto farase, segundo o caso, observando ao alumnado afectado, contrastando opinións con outros compañeiros, falando co alumnado afectado ou entrevistando ás familias.

Neste proceso débense considerar os seguintes aspectos:

- Garantir a protección dos menores ou as menores.
- Preservar a súa intimidade e a de as súas familias.
- Actuar de xeito inmediato.
- Xerar un clima de confianza básica nos menores.
- Recoller todo tipo de probas e indicadores.
- Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

Se se estima conveniente, completárase a información con outras fontes: persoal de administración e servizos, servizos sociais locais.etc.

Unha vez recollida toda a información, o Equipo Directivo levará a cabo un informe cos datos obtidos, para o que contrastará a información aportada polas diferentes fontes.

Paso 4. Traslado a la familia.

O titor ou o orientador, previo coñecemento do Equipo Directivo, coa debida [cautela](#) e mediante entrevista, porá o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, aportando información sobre a situación e sobre as medidas que se estean adoptando.

Paso 5. Traslado ao resto de profesionais que atenden ao alumno ou alumna acosado.

O director informará da situación ao equipo de profesores do alumnado e outro profesorado relacionado. Se se estima oportuno comunicárase tamén ao resto do persoal do centro e a outras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais, en función da valoración inicial).

Paso 6. Aplicación de medidas disciplinarias.

Unha vez recollida e contrastada toda a información, procederáse por parte do director á adopción de medidas disciplinarias ao alumno agresor en función do establecido no Plan de Convivencia do centro e no NOF.

Paso 7. Comunicación ao Observatorio da Convivencia.

O director do centro trasladará o informe realizado trala recollida de información así como, no seu caso, as medidas disciplinarias aplicadas, á Comisión de Convivencia do centro, para o seu coñecemento.

Paso 8. Comunicación á Inspección Educativa.

O Equipo Directivo remitirá asimismo o informe ao Servicio de Inspección da Delegación Provincial correspondente, sen [prexuízo](#) da comunicación inmediata do caso,

se a situación é grave.

Paso 9. Elaboración dun Plan de Actuación por parte da Dirección.

O Equipo Directivo elaborará un Plan de Actuación para cada caso concreto de acoso escolar, co asesoramiento, se se considera necesario da Inspección Educativa.

Este Plan ten que definir conxuntamente as medidas a aplicar no Centro, na aula afectada e medidas co alumnado en conflito, que garantan o tratamento individualizado tanto da vítima como da persoa agresora e o alumnado «espectador». Todo elo sen prexuízo de que se apliquen ao alumnado acosador as medidas correctivas recollidas no Plan de Convivencia.

O derradeiro apartado deste Protocolo inclúe Orientacións sobre medidas a incluir no Plan de Actuación.

A Dirección do centro responsabilizarase de que se leven a cabo as reunións e as medidas previstas informando periódicamente ao Observatorio da Convivencia, ás familias e ao inspector de referencia, do grao de cumprimento das mesmas e da situación escolar do alumnado implicado.

Paso 10. Comunicación ás familias.

Hai que informar ás familias do alumnado implicado das medidas de carácter individual adoptadas cos alumnos afectados, así como as medidas de carácter organizativo e preventivo propostas para o/s grupo/s, nivel e/ou centro educativo, facendo fincapé, en todo momento, na absoluta confidencialidade no tratamento do caso.

Paso 11. Seguimento do Plan de Actuación por parte da Inspección Educativa.

O inspector de referencia realizará un seguimento do Plan de Actuación e da situación escolar do alumnado implicado.

Orientacións para a elaboración do plan de actuación

Como medidas a incluir no Plan de Actuación propóñense:

- Actuacións coa persoa acosada: actuacións de apoio e protección expresa e indirecta, programas e estratexias de atención e apoio social, persoalización do ensino, derivación e seguimento en Servicios Sociais da Consellería competente en materia de protección de menores, se procede, etc.
- Actuacións co alumno ou alumna agresor: aplicación das correccións estipuladas no Plan de Convivencia, programas e estratexias específicas de modificación de conducta e axuda persoal, derivación e seguimento en Servicios Sociais da Consellería competente en materia de protección de menores, se procede, etc.
- Actuacións cos compañeiros e compañeiras observadores: campañas de sensibilización,

programas de habilidades de comunicación e empatía, programas de apoio e/ou mediación entre compañeiros, etc.


- Actuacións coas familias: orientacións sobre como axudar aos seus fillos ou fillas, sexan vítimas ou agresores, coordinación para unha maior comunicación sobre o proceso socioeducativo dos seus fillos ou fillas, información sobre posibles apoios externos e seguimento dos mesmos, etc.

- Actuacións co profesorado e PAS: Orientacións sobre como manexar as clases durante o proceso e como facer o seguimento, orientacións sobre indicadores de detección e intervención, programas de mediación, etc.

Plan de Convivencia do IES A Xunqueira II

aprobado en sesión ordinaria do Claustro de Profesores de data 29 de xuño de 2011

aprobado en sesión ordinaria do Consello Escolar de data 29 de xuño de 2011



Plan de igualdade (PI)

IES A Xunqueira II.

Pontevedra.



aniversario
1986 - 2021



Índice

1. Introducción.....	4
2. Contextualización á normativa e do centro.....	5
Contextualización normativa.....	5
No ámbito da ONU:.....	5
No ámbito da Unión Europea:.....	5
No ámbito nacional:.....	6
No ámbito autonómico:.....	6
Contextualización de centro.....	7
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.	7
Porcentaxes do alumnado matriculado no centro.....	7
Porcentaxes do alumnado da ensinanza secundaria obrigatoria.....	8
Porcentaxes do alumnado de bacharelato.....	8
Porcentaxes da representatividade do alumnado nos grupos de ESO e de bacharelato.....	9
Porcentaxes do rexistro das condutas contrarias ás normas de convivencia e medidas correctoras do alumnado da ESO e de bacharelato desde principio de curso.....	9
Porcentaxes de persoal de administración e servizos.....	9
Porcentaxes de representatividade en órganos colexiados do profesorado.....	9
Porcentaxes de representatividade no Consello escolar.....	9
• Representación de profesorado nos distintos órganos de decisión:.....	10
• Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios:.....	10
• Rexistro de condutas contrarias á convivencia:.....	10
• Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias:.....	10
• Representación de profesorado distintos órganos de decisión:.....	10
• Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos:.....	10
• Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias:.....	11
4. Obxectivos coeducativos do plan de igualdade do centro.....	11
Obxectivo xeral:.....	11
Obxectivos específicos:.....	11

De promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:.....	11
De prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero:.....	12
De promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual:	12
De prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia:.....	13
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.	13
1. Organización do centro.....	13
2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	14
3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.	15
4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	15
5. Metodoloxía.....	16
6. Avaliación.....	16
Avaliación inicial ou de diagnóstico.	16
Avaliación de seguimento ou intermedia.	17
Avaliación final.....	17
7. Elaboración, revisión e actualizacións deste documento.....	17

1. Introducción.

Este plan de igualdade ten como marco o ordenamento xurídico da Unión Europea, España e Galicia. Este ordenamento proclama a igualdade de dereitos entre mulleres e homes, regula o ámbito educativo e marca os instrumentos que hai que desenvolver coa finalidade de contribuír á eliminación dos elementos discriminatorios que aínda persisten na sociedade.

O plan de igualdade é un instrumento estratéxico para a actuación educativa no noso centro; un instrumento para fomentar e implantar a educación en igualdade de alumnas e alumnos e para ser referente na adaptación da documentación de centro á coeducación.

A elaboración deste plan de igualdade ten como principios fundamentais: formación integral, prevención da violencia de xénero, transversalidade, inclusión e integración da diversidade, igualdade de dereitos, visibilidade e paridade.

O instituto debe ser un espazo coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades; un espazo comprometido co dereito a unha educación de calidade nun ambiente seguro e propicio. Isto comprometémos ao desenvolvemento do Plan de Igualdade.



Os principios orientadores establecidos para a elaboración deste Plan de Igualdade son:

- Adecuación á normativa aplicable no ámbito nacional e autonómico en materia de educación e de igualdade.
- Coñecemento das actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia en materia de educación, igualdade e coeducación.
- Formación e sensibilización en materia de coeducación e educación en igualdade.
- Partir das necesidades reais do centro para o desenvolvemento da educación en igualdade.
- Avaliación e seguimento do plan de igualdade.

2. Contextualización á normativa e do centro.

Contextualización normativa.


O desenvolvemento das políticas de igualdade vense completando, desde a aprobación da Constitución de 1978, coa elaboración e aprobación de leis que intentan eliminar as desigualdades de xénero e de documentos estratéxicos que recollen as liñas de acción prioritarias. Estas políticas de igualdade teñen uns referentes no ámbito internacional, nos sucesivos documentos e normas aprobadas na Organización das Nacións Unidas (en adiante ONU) e na Unión Europea (en adiante UE).

No ámbito da ONU:

- Carta das Nacións Unidas, 26 de xuño de 1945.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, 1948.
- Plan de Acción Mundial, I Conferencia Mundial do Ano Internacional das Mulleres, 1975.
- Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, 18 de decembro de 1979.
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller, 1993.
- Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, 1995.

No ámbito da Unión Europea:

- Tratados de Roma (1957), de Maastricht (1992), Amsterdam (1997), Niza (2000) e Lisboa (2007).
- Carta Fundamental dos Dereitos da Unión Europea, 2000.
- Directivas da UE en materia de igualdade; por exemplo a Directiva 2004/113/CE e a Directiva 2006/54/CE.
- Carta da Muller, 2010.
- Pacto pola Igualdade de Xénero 2011-2020 da Unión Europea.
- Convenio de Istambul ou Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, 11 de maio de 2011.
- Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia de UE para a igualdade entre mulleres e homes.
- Compromiso estratéxico para a igualdade de xénero (2016-2019).



- Estratexia de Igualdade de Xénero 2018-2023.

No ámbito nacional:

- Constitución española de 1978.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabora o Goberno.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral conta a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Pacto de Estado contra a violencia de xénero, 2017.
- Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022.

No ámbito autonómico:

- Estatuto de Autonomía de 1981.
- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto legislativo 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato.
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.



- Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.

Contextualización de centro.

Os documentos propios de centro están elaborados segundo a lexislación vixente e as normas e protocolos da Consellería en materia de educación.

Tódolos documentos do noso centro (Proxecto educativo, Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia, Proxecto Lingüístico, Normas de Organización e Funcionamento...) conteñen, en maior ou menor medida, actuacións coeducativas.



O plan de igualdade propónse abordar a revisión da documentación do centro co obxectivo de garantir nela a presenza dos obxectivos coeducativos, da igualdade de xénero e de accións para previr a violencia de xénero e a LGTBIfobia. O plans de igualdade propónse actualizar e adaptar esta documentación cando for preciso.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.

Iniciamos o proceso de elaboración do plan de igualdade poñendo en marcha a primeira das tres fases deste proceso: o diagnóstico de igualdade de xénero no noso centro.


Valoramos como imprescindible esta fase porque permite coñecer a situación do centro en relación á igualdade entre mulleres e homes.

Neste diagnóstico realizamos a observación e análise do centro no seu conxunto, prestando especial atención ás situacións de desequilibrio de xénero máis acusadas que temos atopado. Aplicar a perspectiva de xénero neste diagnóstico está a significar a introdución dunha nova liña de análise que iniciamos agora, permitindo aportar algúns datos, pero que é preciso continuar e completar ao longo do curso.

Porcentaxes do alumnado matriculado no centro.

Curso	21/22	20/21	19/20
Alumnas	50,0%	51,7%	49,4%
Alumnos	50,0%	48,3%	51,6%

Alumnado



Porcentaxes do alumnado da ensinanza secundaria obrigatoria.

ESO	21/22	20/21	19/20
Alumnas	45,6%	46,2%	49,1%
Alumnos	54,4%	53,8%	50,9%

Por niveis	Alumnas	Alumnos
1º da ESO	48,7%	51,3%
2º da ESO	43,3%	56,7%
3º da ESO	49,2%	50,8%
4º da ESO	41,6%	58,4%

Porcentaxes do alumnado de bacharelato.

Bacharelato	21/22	20/21	19/20
Alumnas	57,5%	54,5%	51,4%
Alumnos	42,5%	45,5%	48,6%

1º de bacharelato	21/22	20/21	19/20
Alumnas	54,3%	54,5%	51,4%
Alumnos	45,7%	45,5%	48,6%

1º de bacharelato	Alumnas	Alumnos
Modalidades de Ciencias	56,2%	43,8%
Modalidade de HH e CC, itinerario de Ciencias sociais	62,0%	38,0%
Modalidade de HH e CC, itinerario de Humanidades	60,0%	40,0%

2º de bacharelato	21/22	20/21	19/20
Alumnas	55,9%	50,0%	47,7%
Alumnos	44,1%	50,0%	52,3%

2º de bacharelato	Alumnas	Alumnos
Modalidades de Ciencias	56,4%	43,6%
Modalidade de HH e CC, itinerario de Ciencias sociais	57,2%	42,8%
Modalidade de HH e CC, itinerario de Humanidades	42,9%	57,1%

Porcentaxes da representatividade do alumnado nos grupos de ESO e de bacharelato.

Delegadas/os	21/22	20/21	19/20
Alumnas	44,0%	48,4%	46,1%
Alumnos	56,0%	51,6%	53,9%


Subdelegadas/os	21/22	20/21	19/20
Alumnas	29,6%	38,7%	15,4%
Alumnos	70,4%	61,3%	84,6%

Porcentaxes do rexistro das condutas contrarias ás normas de convivencia e medidas correctoras do alumnado da ESO e de bacharelato desde principio de curso

Convivencia	Alumnas	Alumnos
Faltas de orde alumnado ESO	42,0%	58,0%
Faltas de orde alumnado Bacharelato	50,0%	50,0%
Derivacións a domicilio alumnado ESO	0,00%	100,0%

Porcentaxes de persoal de administración e servizos.

Órganos colexiados	Mulleres	Homes
Persoal auxiliar administrativo	100,0%	0,0%
Persoal de limpeza	100,0%	0,0%
Persoal subalterno	100,0%	0,0%



Porcentaxes de representatividade en órganos colexiados do profesorado.

Órganos colexiados	Mulleres	Homes
Equipo directivo	75,0%	25,0%
Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)	63,2%	36,8%
Claustro de profesorado	62,9%	37,1%
Persoas titoras	69,2%	20,8%

Porcentaxes de representatividade no Consello escolar.

Colectivo representado	Mulleres	Homes
Membros natos	66,6%	33,3%

Colectivo representado	Mulleres	Homes
Profesorado	85,7%	14,3%
Alumnado	75,0%	25,0%
Persoal administración e servizos	100,0%	0,0%
Persoas responsables de alumnado	66,6%	33,3%
Concello	100%	0%
TOTAL	63,2%	36,8%



Na análise desenvolvida xa podemos indicar a detección de desequilibrios nalgunhas situacións:

- Representación de profesorado nos distintos órganos de decisión:
Existe maior porcentaxe das mulleres nos órganos de colexiados.
- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios:
Hai maior presenza de homes na ESO e maior presenza de mulleres no bacharelato.
- Rexistro de condutas contrarias á convivencia:
Hai maior porcentaxe de homes nos rexistros de condutas contrarias á convivencia e nas medidas correctoras.
- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias:
Existe prevalencia de homes no emprego da pista de fútbol, baloncesto e ping pong.



Propoñemos superar estas situacións de desequilibrio de xénero mediante o desenvolvemento de accións positivas.

- Representación de profesorado distintos órganos de decisión:
Fomentar a formación en cargos directivos entre os membros do claustro.
- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos:
Fomentar a matrícula de alumnas no bacharelato de Ciencias e de alumnos no bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Rexistro de condutas contrarias á convivencia:
Manter a aplicación do programa Tutoría entre Iguais (TEI) e do programa de mediación escolar.

- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias:

Realizar eventos e xogos deportivos con equipos paritarios e reservar as instalacións por xénero para fomentar o seu uso.



Queda aínda pendente completar a análise da situación de centro noutros aspectos:

- Linguaxe escrita empregada nos documentos oficiais (comunicacións, circulares, notificacións, cartas e actas), na cartelería, nos taboleiros de anuncios, etc.
- Material didáctico desde a perspectiva de xénero.
- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.
- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.
- Actitudes e valores sobre a igualdade de xénero.

4. Obxectivos coeducativos do plan de igualdade do centro.

Obxectivo xeral:

1. Garantir que o principio de igualdade de xénero vertebre todas as accións educativas do centro e impulsar un proxecto coeducativo de centro.

Obxectivos específicos:

De promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

1. Educar desde a igualdade na diferenza, entendendo que as diferenzas de sexo non condicionan as capacidades das persoas.
2. Fomentar a elección, elaboración e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
3. Visibilizar as mulleres nos contidos didácticos, nomeándoas e poñéndoas en valor en igualdade de condicións aos homes.
4. Potenciar o desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e roles de xénero

e evitar reproducir estes durante a acción docente.

5. Poñer en valor os valores tradicionalmente femininos como a cooperación, colaboración ou o coidado das persoas; e deixar de sobrevalorar actitudes tradicionalmente masculinas como a competitividade, a violencia ou a agresividade.
6. Impulsar o uso da linguaxe non sexista na documentación de centro, nas aulas e nos espazos comúns.
7. Incorporar o principio de igualdade no funcionamento do centro.
8. Fomentar a corresponsabilidade na repartición equilibrada de cargos e tarefas.
9. Amosar a presenza e as achegas das mulleres nos espazos e actividades do centro.
10. Promocionar actividades físico-deportivas que requiran participación conxunta de alumnas e alumnos.



De prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero:

11. Controlar que os espazos e tempos de convivencia entean libres de roles e estereotipos de xénero.
12. Traballar na prevención, detección e eliminación da violencia, especialmente da violencia de xénero.
13. Propoñer solucións e medidas correctoras de situacións de machismo e sexismo a través da xefatura de estudos, tutoría e comisión de convivencia.
14. Crear e dinamizar un grupo de igualdade, diversidade sexual e de xénero e contra a violencia de xénero.

De promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual:

15. Promover a formación do profesorado en igualdade, coeducación e diversidade afectivo-sexual.
16. Apoiar a visibilidade do profesorado e do alumnado LGTBI.
17. Promover o respecto e a tolerancia cara á identidade de sexo, a orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.

18. Incorporar unha concepción de familia diversa.

19. Acompañar e apoiar ao alumnado trans- no seu proceso de reasignación de sexo e xénero.

De prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia:

20. Propor estratexias de resolución pacífica dos conflitos.

21. Xerar espazos e ámbitos de diálogo potenciando a participación do alumnado LGBTI.

22. Crear e dinamizar un grupo de igualdade, diversidade sexual e de xénero e contra a violencia de xénero.

23. Propoñer solucións e medidas correctoras de situacións de LGBTIfobia a través da Xefatura de Estudos, titoría e Comisión de Convivencia.



5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.

No plan de igualdade incluimos as medidas concretas como actuacións específicas para acadar os obxectivos expostos no apartado anterior. Ademais, para a realización destas medidas é preciso ter en conta a configuración do centro, os recursos dispoñibles, o tempo e as características do alumnado, profesorado e familias participantes.

As medidas de actuación seguen os principios de transversalidade, visibilidade e inclusión, e están enmarcadas nas seguintes liñas estratéxicas de actuación ou ámbitos:

1. Organización do centro.

1. Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
2. Manter unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello escolar.
3. Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade, en especial atención ás familias empregándose a web do centro, así como as redes sociais do mesmo.
4. Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. Do profesorado a través do plan de formación do profesorado.

5. Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro na elaboración de documentación, nas comunicacións ás familias, etc.
6. Colaborar con entidades externas na realización de actividades coeducativas para buscar máis vinculación por parte do alumnado: CIM, Nós Mesmas, Quérote+, Asociación Arelas, Rexurdir, Programa Pinto e Maragota, etc.
7. Actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar; algúns exemplos das realizadas ou previstas para este curso son:
 - 11 de outubro: actividades conmemorativas do Día Internacional da Nena.
 - 20 de novembro: exposición conmemorativa do 30 aniversario da Convención sobre os Dereitos da Infancia.
 - 25 de novembro: actividades contra a violencia de xénero (lectura dun texto, representación ou canción creada polo alumnado e elaboración de carteis).
 - 8 de marzo: realización de actividades por parte de toda a comunidade educativa do centro co gallo do Día Internacional da Muller.
 - 17 de maio: actividades contra a LGBTIfobia.
8. Afondar no desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
9. Manter a oferta de materias específicas de igualdade de xénero: Igualdade de Xénero en 1º ESO, Coeducación para o século XXI en 1º de bacharelato e Feminismo e Igualdade en 2º de bacharelato.
10. Manter a participación en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación. Neste curso participamos no Contrato-Programa Iguála-T e no Plan Proxecta Por 365 de respecto e igualdade.



2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero e para completar

a historia da humanidade. Medida a desenvolver dende as xefaturas de departamentos, en coordinación na comisión de coordinación pedagóxica.

- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, linguaxe, proposta de actividades, representacións e selección dos contidos, das personaxes e das imaxes).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

**Por 365 días
de respecto e igualdade**

3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través do taboleiro do centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar e as materias específicas de igualdade de xénero.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

5. Metodoloxía.

Son fundamentais as seguintes liñas metodolóxicas:

- Participación e traballo en equipo. É importante a implicación de toda a comunidade educativa para o desenvolvemento eficaz do plan de igualdade.
- Acción do equipo directivo. É fundamental para acadar a máxima implantación da coeducación como un dos compoñentes transversais do centro.
- Diálogo e respecto. É un punto de partida necesario para traballar o plan de igualdade.
- Coeducativa e inclusiva. Son básicas nas distintas materias e a nivel de centro.
- Partir da realidade de centro. É imprescindible partir do diagnóstico realizado.
- Coordinación con entidades e asociacións externas. É un traballo necesario para o correcto desenvolvemento deste plan.
- Revisión periódicas do plan de igualdade. Debe estar en función dos resultados das medidas realizadas e dos cambios que se teñan producido no centro.



6. Avaliación.

No plan de igualdade establécense tres tipos de avaliación, segundo o momento no que se realizan.

Avaliación inicial ou de diagnóstico.

- Realizada en colaboración coa xefatura de estudos e antes da aprobación e posta en marcha do plan de igualdade.
- Permite obter información da situación de partida para os obxectivos fixados para este plan.



Avaliación de seguimento ou intermedia.

- Consistirá na valoración de cada unha das medidas desenvolvidas dentro do plan de igualdade e a súa realización terá lugar no momento do remate da medida.
- Os instrumentos para esta avaliación poden ser cuestionarios, fichas de rúbricas, etc.

Avaliación final.

- A súa realización será no remate do curso, para comprobar o grao de execución deste plan de igualdade. O obxectivo é analizar se se acadan os obxectivos propostos e o resultado das medidas desenvolvidas, para obter evidencias e valorar os avances coa maior obxectividade posible.
- A avaliación deste plan realizarase mediante fichas de indicadores, a través dos órganos colexiados do centro e recollerase na memoria final do centro.
- Logo da análise e da valoración dos resultados desta avaliación, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares coa finalidade de acadar un maior grao de logro dos obxectivos do Plan de Igualdade.



7. Elaboración, revisión e actualizacións deste documento.

Para a elaboración deste documento pártese desta proposta facilitada pola dirección do centro coa seguinte temporalización:

Temporalización	Tarefa
Outubro e novembro de 2019.	Elaboración deste documento por parte da persoa coordinadora con formación en igualdade e coeducación e en colaboración co equipo directivo.
Novembro de 2019.	Presentación da proposta do plan de igualdade á comisión de coordinación pedagóxica (en adiante CCP).
Decembro de 2019.	Propostas de mellora presentadas polos departamentos. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)
Xaneiro de 2020.	Presentación ao claustro e Consello escolar.
Febreiro e marzo de 2020.	Propostas de mellora presentadas pola comunidade educativa. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)

Temporalización	Tarefa
Abril de 2020.	Aprobación polo claustro e Consello escolar.
Anualmente no 1º trimestre.	Revisión e actualización do documento polo equipo directivo, logo da consulta e achegas dos membros da CCP a través dos foros de coordinación da aula virtual.
Outubro de 2023. (cada 4 anos)	Reelaboración do documento.